

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 7/2021

SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE MARZO DE 2022

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 23.02.2022.
- 2.** Toma de posesión da nova concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, dona Carlota Bartolomé Tocino. Expte. Pleno 3341/1101.

Declaracións institucionais.

- 3.** Declaración Institucional de condena da invasión Rusa sobre Ucraína. Expte. Pleno 3366/1101.

Ditames das comisións informativas:

ORGANIZACIÓN MUNICIPAL, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ADMINISTRATIVA E I+D

- 4.** Proposta de aprobación definitiva da modificación da ordenanza municipal reguladora do servizo de Taxi da cidade de Vigo. Expte. 2319/449 (Expte. Pleno 3330/1101).
- 5.** Proposta de delegación de competencias e habilitación de sinatura de convenio de colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública para a selección do persoal da Policía Local do Concello de Vigo. Expte. 39351/220 (Expte. Pleno 3352/1101).
- 6.** Solicitud de compatibilidade funcionario interino. Expte. 39300/220 (Expte. Pleno 3343/1101).

ORZAMENTOS E FACENDA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 1 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Dar conta ao Pleno dos informes definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro 2021. Expte. 102875/140 (Expte. Pleno 3328/1101).
8. Dar conta ao Pleno do informe resumo dos resultados do control interno do exercicio 2021. Expte. 102882/140 (Expte. Pleno 3329/1101).
9. Dar conta ao Pleno da memoria do Tribunal Económico-Administrativo do ano 2021. Expte. 5499/550 (Expte. Pleno 3331/1101).
10. Dar conta ao Pleno do marco orzamentario 2023-2025. Expte. 215/143 (Expte. Pleno 3342/1101).
11. Aprobación definitiva da Modificación Orzamentaria, nº 12/2022, de crédito extraordinario e suplemento de crédito con remanente líquido de tesourería. Expediente 74/142 (Expte. Pleno 3353/1101).

URBANISMO

12. Aprobación inicial da Modificación de Crédito nº 3/2022 da Xerencia Municipal de Urbanismo (Crédito Extraordinario para varios investimentos). Expte. 14306/407 (Expte. Pleno 3354/1101)

Mocións:

13. Moción do concelleiro membro non adscrito, relativa ás actuacións que deben impulsar os gobernos galego e central para mitigar o impacto do medre disparado da inflación na sociedade e economía galegas. Expte. Pleno 3360/1101.
14. Moción do grupo municipal Mixto, solicitando apoio á resolución do conflito do Sáhara. Expte. Pleno 3361/1101.
15. Moción do grupo municipal do Partido Popular solicitando rectificar e incluír a conexión de Vigo á rede de Moi Alta Tensión para 2021-2016 e a construción dunha nova subestación en Balaídos e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3362/1101.
16. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que financie o 100% do custo do servizo de atención educativa nas escolas infantís municipais e a garantir a gratuidade do servizo de comedor nas escolas infantís de titularidade autonómica. Expte. Pleno 3363/1101.
17. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que aporte ao Concello de Vigo a parte dos 224 millóns que lle corresponde de acordo a poboación real da cidade. Expte. Pleno 3364/1101.
18. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia unha liña de axudas que favoreza a mobilidade dende o Aeroporto de Vigo a Madrid, Barcelona, así como con outras cidades de España e Europa. Expte. Pleno 3365/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 2 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PARTE DE CONTROL

- 19.** Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 15.02 ao 17.03.33. Expte. 1171/1102 (Expte. Pleno 3355/1101).
- 20.** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 15.02 ao 17.03.33. Expte. 1172/1102 (Expte. Pleno 3356/1101).
- 21.** Dar conta ao Pleno do acordo da XGL das “Delegacións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros e concelleiras delegados/as de área e nos demais delegados/as de competencias”. Expte. 601/1102 (Expte. Pleno 3333/1101).
- 22. Formulación de rogos.**
- 23. Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón
(Incorpórase no punto n.º 3).
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estévez Rodríguez Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gómez Díaz Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro María del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota
Egerique Mosquera Teresa
López Román Patricia
Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 18/05/2022 13:38

Páxina 3 de 93

Expediente/Documento 3388-1101

CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día trinta de marzo do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Carlota Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.(46). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 23.02.2022.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente o Alcalde-Presidente.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta ordinaria do 23 de febreiro de 2022.

2.(47) TOMA DE POSESIÓN DA NOVA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DONA CARLOTA BARTOLOMÉ TOCINO. EXPTE. PLENO 3341/1101.

D^a CARLOTA BARTOLOMÉ TOCINO: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade a El Rei así como gardar e facer a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

3.(48) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE CONDENA DA INVASIÓN RUSA SOBRE UCRAÍNA. EXPTE. PLENO 3366/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 4 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros presenta no Rexistro do Pleno o 24 de marzo, co número 3366/1101, unha Declaración institucional de condena da invasión rusa sobre Ucraína, que di o que segue:

“O Pleno do Concello de Vigo condena enerxicamente a agresión de Rusia a Ucraína, rexeitando totalmente a invasión das forzas militares rusas e esixindo a súa inmediata retirada. Esta agresión supón unha flagrante violación do Dereito Internacional e contra a soberanía e a integridade territorial de terceiros países. Así mesmo, o Concello de Vigo expresa a súa absoluta solidariedade co pobo ucraíno.

Este Pleno maniféstase ao carón do Goberno de España e da Unión Europea reivindicando a legalidade internacional e o restablecemento inmediato da paz, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos que compartimos con Europa. Expresamos o mais firme compromiso do noso Concello coa defensa dos principios da democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e no da Constitución da Unión Europea. Así mesmo este Pleno apoia a labor que as Forzas Armadas españolas están a desenvolver para garantir a paz e a integridade territorial nos países europeos.

Finalmente, apoiamos á Unión Europea para que se interpoñan as sancións precisas co fin de que se poña fin o conflito ante estes feitos tan graves que ameazan a paz e as liberdades e dereitos fundamentais dos cidadáns ucraínos. E apoiamos á Unión Europea para que se interpoñan as sancións precisas co fin de que poidan ter algún tipo de efecto no goberno ruso de Vladimir Putin.

O Pleno do Concello de Vigo apoia que se realicen todos os esforzos necesarios para mobilizar recursos a fin de acoller a refuxiados provenientes do conflito de Ucraína.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a concelleira Sra. Silva Rego.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 5 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar o contido da Declaración Institucional presentada en data 24.03.22 (Rex. Nº 3366/1101) pola Xunta de Voceiros, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

4.(49) PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 2319/449 (EXPTE. PLENO 3330/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 2 de Marzo de 2022, a xefa do Servizo de Transportes e o concelleiro de Fomento e Servizos emiten a seguinte proposta,

“PRIMEIRO:O Pleno da Corporación en sesión celebrada en data 29 de setembro de 2021, adoptou o seguinte Acordo:

“PRIMEIRO,-Aprobar inicialmente a Modificación da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, que se transcribe a continuación .

SEGUNDO,-Abrir un período de información pública e conceder tramite de audiencia polo prazo de 30 días contados a partir da publicación do presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións .

TERCEIRO,- Declarar que de conformidade co establecido no artigo 49.C) da Lei reguladora das bases de réxime local, de non presentarse ningunha reclamación ou suxestións, entenderase definitivamente aprobada a Modificación da Ordenanza reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo debendo publicarse o texto integro da Ordenanza no B.O.P.P.O entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación “

SEGUNDO: No B.O.P.P nº 199 de data 15 de outubro de 2021, publicouse a información do Acordo, abríndose un período de información pública polo prazo de 30 días hábiles, para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Durante o período de información pública, e do tramite de audiencia concedido as Asociacións representativas do sector, que finalizou na data 29 de novembro de 2021, soamente foi presentado escrito de alegacións pola :

ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE PONTEVEDRA
Na data 20 de outubro de 2021, a Asociación Provincial de autopatronos del taxi de Pontevedra, formula as seguintes alegacións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 6 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1) no artigo 39, descansos, propoñen o seguinte texto: *“as quendas de descanso obrigatorio no afectaran aos vehículos de deban prestar servizo ese mesmo día no aeroporto, e tampouco aos vehículos adaptados “*

Xustifican a alegación manifestando que até a data permitise que os vehículos adaptados traballen o día de descanso para prestar servizo as persoas con mobilidade reducida o que non e operativo; o taxista ten que saír da súa casa a unha parada e esperar que se lle solicite un servizo con cadeira de rodas, e por outra banda á quendas nos que coinciden varios eurotaxis de descanso, polo que o servizo se resinte e ten que chamar a taxistas que están de descanso na súa casa. Na asemblea anual celebrada na data 9 de xuño de 2021 someteuse a votación a posibilidade de que os eurotaxis traballen libremente o día de descanso, sendo aprobada esta opción por unanimidade .

INFORME: Examinado o contido da alegación, considerase que pode aceptarse, xa que a proposta garanta o servizo as persoas de mobilidade reducida en tódalas quendas de descanso, supón unha mellora para o servizo, e non supón un prexuízo para o sector xa que estes vehículos ten que dar servizo preferente as persoas con mobilidade reducida.

Polo exposto se suprime do paragrafo terceiro do artigo 39 DESCANSOS “ que soamente poderán prestar eses días servizos as persoas de mobilidade reducida “

2) no artigo 39 descansos, propoñen o seguinte texto: *“ pode estudarse unha modificación provisional do réxime de descanso a petición das organizacións representativas e acreditando o apoio a esa iniciativa dunha maioría absoluta das licenzas de taxi existentes “*

• Consideran que pode valorarse esta proposta coa cal evitarse que pequenos grupos poidan manexar e coaccionar a vontade da maioría do colectivo.

• INFORME: Examinado o contido da alegación, considerase que pose aceptarse, xa que en todo caso tratase dunha medida excepcional e que deberá estar avalada pola maioría dos titulares das licenzas vixentes.

Polo exposto propónse que o ultimo paragrafo do artigo 39 quede coa seguinte redacción :

“Cando concorran situacións excepcionais que impliquen una importante diminución o incremento da demanda perfectamente xustificada e provisional no tempo, que poida afectar as condicións de prestación do servizo en relación coa rendibilidade do mesmo, e que non se trate dunha proposta que de lugar a unha modificación permanente do sistema de descansos, pode estudarse unha modificación provisional do réxime de descanso. A proposta pode ser a solicitude das asociacións representativas do sector acreditando o apoio a iniciativa dunha maioría absoluta ds licenzas de taxis existentes.

3) no artigo 42, normas xerais, ultimo paragrafo propoñen o seguinte texto *“ en tanto non se fixe pola Xunta de Galicia unha estrutura harmonizada das tarifas, a revisión das mesmas continuara realizándose coa aplicación do IPC de transportes da Comunidade Autónoma de Galicia “*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 7 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Xustifican esta alegación manifestando que até agora se aplicaba o IPC do servizo de transportes, sen embargo deben analizarse os compoñentes que se inclúen en ambos epígrafes considerando que e mais coherente que o IPC que se utilice sexa o IPC xeral de transportes e non o IPC do servizo de transportes.

De acordo coa estrutura que rexe o IPC o grupo 7 que e o de transportes ten os seguintes subgrupos: adquisición de vehículos (dividido en automóbiles novos e de segunda mano, motocicletas, bicicletas e vehículos de tracción animal) utilización de vehículos persoais (que a sua vez computa pezas de reposto e accesorios, carburantes e lubricantes, mantemento e reparación e outros servizo, servizos de transportes (que a sua vez computa os prezos do transporte de pasaxeiros en ferrocarril , estrada, aéreo, marítimo combinados e servizos)

Esta clasificación recolle os factores que inflúen decisivamente na actividade de taxi como son o custe de adquisición dun vehículo, as pezas de reposto e accesorios, os pneumáticos, os carburantes e o mantemento e reparación dos vehículos; o subgrupo que vense utilizando no ten relevancia para a actividade xa que recolle as variacións de prezos dos distintos transportes de pasaxeiros .

INFORME: Examinado o contido da alegación, considerase que efectivamente no grupo 07 TRANSPORTES unha parte da composición do citado índice recolle factores que inflúen decisivamente na actividade de taxi, e dito índice pode ser utilizado como referencia.

No artigo 42 da vixente ordenanza esta contemplada a posibilidade de que pola Xunta de Galicia se estableza unha estrutura harmonizada das tarifas de taxi aplicables no conxunto da comunidade autónoma, determinando os conceptos desta estrutura, cuxa cuantificación correspondera efectuar aos concellos para os seus respectivos ámbitos competencias.

Asi como tamén que en tanto non se estableza a citada estrutura a revisión tarifaria efectuarase, de conformidade co IPC dos servizos de transporte da comunidade autónoma galega.

Ante a proposta de modificación solicitada, se considera que a oportunidade e necesidade de proceder a revisión tarifaria do servizo de taxi, debe ser xustificada polas Asociacións solicitantes, mediante a presentación dun estudo económico do sector que xustifique o incremento proposto, incremento que unha vez xustificado non poderá superar o IPC do transporte da comunidade autónoma galega , polo que se propón a seguinte redacción :

“ a oportunidade e necesidade de proceder a revisión tarifaria do servizo de taxi, debe ser xustificada polas Asociacións solicitantes, mediante a presentación dun estudo económico do sector que xustifique o incremento proposto, incremento que unha vez xustificado non poderá superar o IPC do transporte da comunidade autónoma galega”

4) no artigo 30 bis, contratación por praza con pago individual, propoñen o seguinte texto “ *a contratación por praza con pago individual solo admitirase nos servizos de taxi previamente contratados , xa sea por medios telemáticos o ben por vía telefónica* “



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 8 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Xustifican que o sentido desta alegación e que o enfoque inicial desta idea xurde cara a cubrir o desprazamento de persoas a hospitais, centros de saúde, residencias y/o similares; dada esta tipoloxía de clientes, moitos deles non terían acceso a comunicacións telemáticas polo que resultaría mais sinxelo poder solicitar a contratación por vía telefónica .

INFORME: Examinado o contido da alegación, considerase que pode aceptarse, a fin de facilitar a utilización deste tipo de servizos, a todo todo tipo de persoas, aínda que o sistema mais utilizado poida ser a comunicación telemática.

Polo exposto, propónse engadir no nº 1 primeiro paragrafo ao final “ o medios telefónicos “

No numero 5 do citado artigo propoñen a seguinte redacción :” *realizado o viaxe , cada usuario recibira un tique “*

Xustifican que a dia de hoxe, por temas técnicos, os programas de xestión de flotas en súa conexión cos taxímetros e impresoras, non están adaptados para poder sacar un ticket individual sino que sacarían uno total ao peche do servizo, para conseguir tickets individuais sería necesaria unha adaptación técnica.

INFORME: Examinado o contido da alegación considerase que non procede aceptala, debido a que todo usuario do servizo ten dereito a recibir un documento xustificativo do servizo prestado, de conformidade co disposto no artigo 43 da ordenanza municipal reguladora vixente.

O que si propónse e cambiar a redacción do texto a fin de adaptalo aos conceptos incluídos na ordenanza, polo que o numero 5 quedara coa seguinte redacción.

5) Realizado o viaxe, cada usuario recibirá un xustificante da prestación do servizo

5) De oficio comprobase que no artigo 42, Normas Xerais, no paragrafo cuarto debe suprimirse a referencia ao Concello Galego de Transportes por haberse suprimido esta esixencia de audiencia, na modificación do artigo 40 nº 4 da lei 4/ 2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia, efectuada por lei 7/ 2019 de 23 de decembro de medidas fiscais e administrativas

Polo que o paragrafo cuarto queda coa seguinte redacción:

“O Concello fixará as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi; para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia previa a súa aprobación, as profesionais de empresarios e traballadores do sector e as de consumidores e usuarios , en orde a recabar as consideracións que estimen pertinentes “

Analizadas a totalidade das alegacións presentadas en prazo, sometese a aprobación do Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa a seguinte proposta...”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 9 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De seguido a funcionaria e o concelleiro informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo,

DITAME. A Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Administrativa e I+D, na súa sesión extraordinaria do 23.03.22, ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN. Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: En relación coas alegacións presentadas pola Asociación Provincial de Autopatronos del taxi de Pontevedra

Estimar as alegacións números 1, 2 e 4 (no relativo ao apartado nº 1 do artigo 30 bis) coas redaccións propostas no informe que antecede; estimar en parte a alegación nº 3 coa redacción proposta no texto que antecede e desestimar a alegación nº 4 (no relativo ao apartado nº 5 do artigo 30 bis) polos motivos expostos no informe que antecede .

SEGUNDO : Propoñer de oficio introducir as seguintes modificación nos artigos 30 bis e 42 de conformidade coa xustificación contida no informe que antecede:

Que o número 5 do artigo 30 bis quedara coa seguinte redacción.

5) Realizado o viaxe, cada usuario recibirá un xustificante da prestación do servizo. Que o parágrafo cuarto do artigo 42 quede coa seguinte redacción:

“O Concello fixará as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi; para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia previa a súa aprobación, as profesionais de empresarios e traballadores do sector e as de consumidores e usuarios , en orde a recabar as consideracións que estimen pertinentes “

TERCEIRO: Aprobar definitivamente a modificación da ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada inicialmente polo Pleno de data 29 de setembro de 2021, coa introdución dun preámbulo e as modificacións nos seguintes artigos

PREÁMBULO

A aprobación do regulamento da lei 4/2013 de 30 de maio aprobado por Decreto 103/ 2018 de 13 de setembro obriga aos municipios a adaptar no prazo de un ano as súas Ordenanzas ao previsto no mesmo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 10 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A modificación da Ordenanza ten como fin adaptar a mesma a nova regulación así como introducir melloras na actual ordenación .

Introdúcense, entre outras modificacións relativas a :

- procedemento de transmisións de licenzas.
- procedemento de extinción de licenzas .
- a idade máxima dos vehículos que se fixa en 10 anos como máximo.
- as condicións para a obtención do permiso municipal de condutor, incluíndose novos requisitos como o coñecemento básico de primeiros auxilios.
- procedemento de substitución dos vehículos.
- contía do cambio obrigado para o cobro dos servizos que se amplía até 50 €.
- o número máximo de prazas dos vehículos adscritos a o servizo que se amplían ate nove prazas paro o caso sempre que leven unha praza para usuarios en cadeira de rodas.
- condicións de titularidade dos vehículos permitindo que os vehículos poidan ser adquiridos por renting,
- substitución do libro de reclamacións por follas de reclamación.
- regulación da contratación por praza con pago individual.
- posibilidade de elixir entre os dous primeiros taxis de a parada .
- adaptación das infraccións tipificadas a nova normativa, e as necesidades xurdidas da aplicación da actual ordenanza.

Este instrumento normativo contén a regulación precisa para atender a finalidade a que se dirixe, que é regular as condicións de prestación do servizo de taxi e os dereitos e deberes dos profesionais do sector u dos usuarios do servizo.

A modificación proposta satisfai o principio de eficacia por ser o instrumento máis axeitado para acadar o interese xeral dos profesionais e usuarios do servizo de taxi que fundamenta a necesidade de actualización desta norma .

O texto satisfai o principio de seguridade xurídica xa que a súa redacción dá cumprimento a esixencia recollida na Disposición Final 2ª, do Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio aprobado por Decreto 103 /2018 de 13 de setembro na que se establécese que os concellos adaptarán as súas ordenanzas reguladoras do servizo de taxi ó previsto neste decreto, no prazo dun ano dende a súa entrada en vigor.

No **ÍNDICE** se modifica a redacción dos seguintes títulos e artigos :

- O artigo 18 queda coa seguinte redacción: **SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULOS**
- O artigo 23 queda coa seguinte redacción: **PROCEDEMENTO DE SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULOS**
- O título IV queda coa seguinte redacción: **PERSOAS CONDUTORAS**
- Inclúese un artigo 30 BIS: **CONTRATACIÓN POR PRAZA CON PAGO INDIVIDUAL**
- O artigo 41 queda coa seguinte redacción: **TAXIS ADAPTADOS**

No articulado inclúense as seguintes modificacións:

No **ARTIGO 1:OBXECTO** o último parágrafo queda coa seguinte redacción:

“No non previsto na presente Ordenanza ou nas súas disposicións complementarias, serán de aplicación directa as normas da Lei 4/2013 de 30 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 11 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

maio e do seu Regulamento aprobado por Decreto 103/2018 de 13 de setembro de 2018; e supletoriamente seguirase o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos de Transportes en Automóbiles Lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, e as súas modificacións aprobadas por Real Decreto 1080/89 de 1 setembro, e Real Decreto 236/1983, de 9 de febreiro.”

No ARTIGO 2: COMPETENCIA MUNICIPAL o contido do punto cuarto substituíse pola seguinte redacción:

” Informe e aprobación sobre a solicitude de revisión de tarifas do servizo “

No ARTIGO 6: REQUISITOS PARA SER TITULAR os apartados c) y f) quedan coa seguinte redacción :

- c) Acreditar a titularidade do vehículo, o a capacidade de utilización, en calquera réxime de utilización xuridicamente válido.
- F)Acreditar estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi, establecido por esta ordenanza. Non será esixible o citado requisito no caso de transmisión a unha comunidade de herdeiros.

O ARTIGO 8: PROCEDIMENTO DE CREACIÓN DE NOVAS LICENCIAS queda coa seguinte redacción :

“Só poderá promoverse a adxudicación de novas licencias en caso de dispoñer do continxente necesario para elo de acordo ao establecido no artigo 6.2. da lei 4/2013 de 30 de maio .

O procedemento contara cos seguintes tramites :

- a) Elaboración dun estudo previo de mobilidade polo Concello que contará co contido mínimo establecido no artigo 5 a) do regulamento da Lei.
- b) Audiencia sobre o estudo de mobilidade, por prazo non inferior a 10 días hábiles, as asociacións representativas do sector do transporte en taxi, aos sindicatos, as asociacións de persoas condutoras de taxi e as asociacións de persoas consumidoras e usuarias.
- c) Solicitude e emisión de informe da Comisión Especial de transporte Publico en Vehículos de Turismo do Concello Galego de Transportes .
- d) Formulación de proposta por parte do Concello, unha vez completados os tramites anteriores e remisión do expediente a dirección xeral que corresponda da consellería competente en materia de transportes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que emitira informe preceptivo e vinculante no prazo de tres meses.
- e) Resolución polo Concello no prazo de 2 meses , de acordo co que resulte do informe vinculante da Dirección Xeral “

O ARTIGO 9: SUSPENSIÓN DE LICENZAS queda coa seguinte redacción :

“As licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos nos seguintes casos :

- Por solicitude da persoa titular, en caso de accidente, avaría, enfermidade , incapacidade o calquera outra causa xustificada pola que deba deixar de exercer a actividade temporalmente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 12 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- De oficio, nas transmisións forzosas, cando a persoa adxudicataria non reúna os requisitos para ser titular.

As solicitudes de suspensión dirixiranse ao Concello outorgante da licenza por vía telemática, e irán acompañadas da documentación precisa para acreditar a causa de suspensión que se alegue

A vista da solicitude o Concello outorgara a suspensión o a denegara mediante resolución motivada.

A suspensión da licenza implicara a da autorización interurbana polo mesmo período e baixo as mesmas condicións.

A suspensión outorgarase polo período mínimo imprescindible para salvar a dificultade que impide prestar o servizo e como máximo por dous anos contados dende a data da resolución na que se estima a solicitude , agás no caso de que na data da solicitude xa concorrese a causa na que se funda a suspensión , suposto no que computarase dende a data da solicitude . Si non se pode determinar no momento da autorización a duración do período , concederase polo prazo máximo indicado.

As solicitudes de suspensión enténdense estimadas se no prazo de tres meses o Concello non tivese ditado e notificado resolución expresa; pero non procederá estimar unha solicitude de suspensión até que transcorran dous anos contados dende a data de finalización do anterior período de suspensión.

Transcorrido un mes dende a finalización do prazo de suspensión sen haberse reanudado o servizo, reanudación que deberá ser comunicada ao Concello, incorrerase en causa de caducidade da licenza .

A suspensión poderá prorrogarse , a petición da persoa interesada e por unha soa vez pola metade do período inicial outorgado e un máximo de tres meses no caso de que persistan as circunstancias que a motivaron; non obstante en ningún caso poderá superar o prazo máximo de dous anos.

As solicitudes de prorroga, entenderanse estimadas, se non se ditase resolución expresa e se notificase no prazo dun mes , agás que se superase o prazo máximo de dous anos de duración da suspensión .

Autorizada a suspensión polo Concello, o titular deberá retirar do vehículo os distintivos que o identifican como taxi, así como o taxímetro, o que será comprobado polo Concello, e fará entrega no concello da licenza de taxi .

A solicitude de suspensión referida no punto primeiro deste artigo rematará no momento en que conorra algún dos supostos de transmisión forzosa previstos no artigo 11 desta Ordenanza, debendo actuar o titular da licenza de acordo co previsto nese apartado .

O ARTIGO 11: TRANSMISIÓN DE LICENZAS o apartado a) queda coa seguinte redacción:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 13 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) Por falecemento do titular, a favor dos seus herdeiros lexítimos: os herdeiros adquiriran os dereitos e obrigacións inherentes a licenza podendo figurar, en caso de que se constituíse, a nome dunha comunidade de herdeiros por un período máximo de 2 anos dende o falecemento do causante . Transcorrido o citado prazo as licenzas deberan constar a nome dunha persoa física, caducando en caso contrario de maneira automática .

Neste caso poderá autorizarse a transmisión, aínda en caso de que non transcorreran dous anos dende que a persoa falecida houbera adquirido a condición de titular.

No caso de falecemento da persoa titular sen deixar persoas herdeiras determinará a extinción dos títulos habilitantes.

No caso de que a transmisión se produza a favor dunha persoa herdeira forzosa que careza dos requisitos exixidos para ser titular , os títulos habilitantes quedaran en suspenso por un período máximo de dous anos, antes de quedar definitivamente extinguidos en caso de non se cumpran tales requisitos o se produza a transmisión a favor dunha terceira persoa.

No caso de a primeira transmisión transmisión mortis causa que se produza tras a entrada en vigor da Lei 4/2013 de 30 de maio , non será esixible a exclusiva dedicación a actividade de taxi nin a prestación persoal do servizo de taxi pola persoa titular da licenza de taxi.

En relación coa persoa transmítenste, as obrigacións tributarias, coa seguridade social e demais relacionadas coa actividade de taxi , así como as sancións dinerarias

derivadas do exercicio da actividade de taxi que le foran impostas por resolución administrativa firme, deberán estar satisfeitas por aquela o aquelas a quen legalmente lles corresponda por motivos de falecemento.

O ARTIGO 12: PROCEDEMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS queda coa seguinte redacción :

“O procedemento para a transmisión da licenza será o seguinte :

- a) A solicitude de transmisión da licenza de taxi formulada no Concello deberá ser por medios electrónicos no rexistro xeral telemática e subscrita conxuntamente polo titular transmítenste e polo adquirente, acompañada da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos exixidos no artigo 6 da presente ordenanza .
- b) Comprobación polo Servizo de Transportes do cumprimento dos requisitos exixibles para a transmisión .
- c) Remisión da proposta de resolución do Concello o Órgano competente en materia de transportes da Xunta de Galicia no que deba especificar que estean acreditados os seguintes requisitos:
- Ter transcorrido un mínimo de dous anos, dende a adquisición pola persoa transmítenste, da condición de titular da licenza municipal.
 - O transmítenste e o adquirente están ó corrente das súas obrigas tributarias locais e das relacionadas coa actividade propia do servizo de taxi.
 - O transmítenste e o adquirente non teñen pendente de cumprimento sancións pecuniarias derivadas do exercicio da actividade como taxista que lles fosen impostas polo concello por resolución administrativa firme.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 14 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- O adquirente non supera con esta transmisión o límite máximo de concentración de licenzas de taxi nunha mesma persoa titular, de conformidade co disposto no artigo 9 e concordantes da lei 4/2013, de 30 de maio, e no artigo 7 da presente Ordenanza, así como que o mesmo cumpre os requisitos para ser titular da licenza municipal.
- Non impúxose a prohibición da transmisión como medida provisional durante a tramitación dun procedemento de extinción da licenza, nin obsta ningún outro impedimento para a transmisión.

- d) Informe vinculante nun prazo dun mes sobre a procedencia de transmisión da autorización interurbana polo citado órgano.
- e) Autorizada a transmisión da licenza polo Concello, e unha vez inscrita a nova titularidade no Rexistro de Títulos habilitantes, a Xunta de Galicia resolvera sobre a transmisión da autorización interurbana de taxi de modo congruente co contido do informe emitido con anterioridade.
No prazo máximo dun mes dende a notificación desta ultima debera darse inicio efectivo ao servizo
- f) A transmisión da licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular.

Transcorridos tres meses dende a presentación da solicitude de transmisión si non se houbera ditado e notificado resolución expresa, entenderase desestimada.”

NO ARTIGO 13: PROHIBICIÓNS o paragrafo ultimo queda coa seguinte redacción:
“A cesión do uso da licenza ou calquera outro acto translativo de posesión desta que se realice sen a previa autorización do Concello, contravindo as disposicións desta Ordenanza, será declarada nula e será sancionada de conformidade co disposto no artigo 46 apartado C da presente Ordenanza.”

NO ARTIGO 14: EXTINCIÓN DAS LICENZAS : engádese un apartado d) co seguinte redacción:

d) “Tamén extinguíranse no caso de revisión de oficio do acto o actos de outorgamento das mesmas, nos términos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro .”

despois do apartado d) engádense dos novos parágrafos:

“A concorrencia de calquera dos supostos anteriores implica a desaparición dos títulos habilitantes.

A vinculación entre as licencias de taxi e da autorizacións interurbanas, implicara a extinción do outro titulo ao que este vinculado .”

Na regulación da caducidade :

-o apartado b) queda coa seguinte redacción:

“b) Non iniciar o servizo transcorrido un mes dende a data de finalización do período de suspensión. “

-e engádense dos novos apartados e) e f)

“e) Permanecer devanditos títulos a nome dunha comunidade de persoas herdeiras máis aló dos límites temporais especificados no artigo 17.2 da Lei 4/2013, do 30 de maio, e no artigo 11 A) da presente ordenanza.

f) Imposición da sanción de caducidade en caso de cometer unha infracción moi grave, de acordo co previsto no artigo 63.1 da Lei 4/2013, do 30 de maio.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 15 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

-E engádense dos últimos parágrafos :

“A extinción producírase de forma automática nos casos previstos na Lei 4/2013 de 30 de maio

A declaración de caducidade efectuarase despois de tramitar o oportuno procedemento que axustarase ao previsto na lei 39/ 2015 de 1 de outubro e no que garantírase a audiencia as persoas interesados agas no suposto do apartado f).”

Na regulación da revogación engádense ao final dos novos parágrafos :

O procedemento de revogación das licenzas iniciarase por acordo conxunto do Concello e da Dirección xeral competente en materia de transportes da administración xeral da Comunidade Autónoma Galega, a iniciativa de calquera deles e de conformidade co disposto no artigo 21 do vixente regulamento da lei 4/ 2013 de 30 de maio .

En todo caso, deberase garantir a audiencia dos interesados.

NO ARTIGO 15 : CONTIDO DO REXISTRO engádense despois da autorización para exhibir publicidade :

“ Calquera outra incidencia que afecta á licenza municipal “

O ARTIGO 16: OBRIGATORIEDADE queda redactado nos seguintes termos:

“A validez dos títulos habilitadores quedará condicionada ao seu visado periódico que realizárase de conformidade co disposto no artigo 18 da lei 4/2013 de 30 de maio e na orde prevista neste último, no regulamento de desenvolvemento da Lei de data 13 de setembro e demais disposicións que poidan ditarse n cumprimento dos mesmos.

O visado dos títulos habilitantes é a actuación pola cal os órganos competentes constatan de forma periódica que a persoa titular mantén as condicións que orixinarmente xustificaron o seu outorgamento e que constitúen requisitos para a súa validez, así como o pago das sancións impostas por resolución que poña fin a vía administrativa, e o cumprimento de todos aqueles requisitos que aínda non foran esixidos orixinarmente, resulten así mesmo de obrigado cumprimento.

O Concello realizará o visado da licenza municipal no prazo dun ano do visado da autorización interurbana, e este sexa anotado no Rexistro de Títulos habilitantes con indicación do período de validez do mesmo.

Para a realización do visado municipal o Concello, establecerá un calendario por Resolución do Alcalde o Concelleiro-delegado de transportes, figurando na mesma Resolución os requisitos de deben ser xustificadas polo titular da licenza e a forma de xustificalos”

O ARTIGO 17: NORMAS XERAIS. queda redactado nos seguintes termos:

O titular da licenza ten que ser titular do vehículo que se propoña para prestar o servizo, e deberá figurar como tal no rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico, o



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 18/05/2022 13:38

Páxina 16 de 93

Expediente/Documento 3388-1101

CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ben posuír a capacidade de utilización do mesmo por calquera título xuridicamente valido; neste segundo suposto debera aportar o contrato que así o acredite , que sempre debera estar a nome do titular da licenza

Nos supostos de transmisión de licenza o vehículo poderá ser o mesmo adscrito a licenza cando o novo titular adquirese a disposición do mesmo, e sempre que os servizos técnicos municipais informen favorablemente sobre o estado do vehículo, previa a autorización da transmisión de licenza.

No caso contrario deberá adscribir un novo vehículo conforme o establecido no artigo 18 da Ordenanza.

Deberá concertar de maneira obrigatoria a correspondente póliza de seguros que cubrirá danos a viaxeiros e a terceiros, segundo o disposto na normativa vixente.

NO ARTIGO 20: CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS se introducen as seguintes modificacións :

No paragrafo primeiro despois de Qm. engádese “ excepto nos supostos de transmisión o cando con antelación estiveran adscritos a outra licenza. En caso de substitución o novo vehículo debera ter unha antigüidade inferior ao vehículo substituído e ter en todo caso menos de 4 anos e menos 45.000 qm. e en todo caso menos quilómetros que o substituído.”

O paragrafo quinto queda coa seguinte redacción:”O número máximo de prazas será de nove, sempre que leven unha praza para persoa en cadeira de rodas , debendo respectar en todo caso que o espazo interior do vehículo sexa o suficiente para permitir a comodidade dos usuarios; neste caso tódolos asentos do vehículo deben ser das mesmas características e o acceso aos mesmos debe ser cómodo “

No paragrafo sexto engádese un novo paragrafo “ Os parachoques, retrovisores e demais accesorios exteriores do vehículo, deberan ser do mesmo cor do vehículo, o no seu caso negro sé son de serie.”

O paragrafo decimo apartado c) queda coa seguinte redacción:

C) “na parte frontal do interior do vehículo deberan figurar nunha placa o numero da licenza , numero de prazas e matricula. (cunhas medidas de 20,5 cm de largo e 7,5 cm de alto) “

No paragrafo décimo cuarto inclúese un novo paragrafo “Na certificación ou informe emitido polo fabricante ou concesionario oficial, deberá facerse constar que todas as prazas son aptas para utilizar polas persoas usuarias do servizo e que ningunha delas ten dimensións reducidas en relación co resto de prazas.”

O paragrafo décimo quinto queda coa seguinte redacción:

“Dispositivos de calefacción e aire acondicionado en correcto estado de funcionamento “

O paragrafo décimo sexto queda coa seguinte redacción :



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 17 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Dotación de extintor de incendios, homologado e non caducado. “

O paragrafo décimo sétimo queda coa seguinte redacción:

“Levarán un taxímetro homologado, debidamente sometido ao control metrolóxico e precintado, situado na parte dianteira do interior do vehículo no terzo central, de forma que en todo momento resulte visible para o viaxeiro a lectura do prezo do transporte, iluminándose no momento que estea en funcionamento. Os novos taxímetros que se instalen, deberán incorporar obrigatoriamente impresora de factura. “

O paragrafo vixésimo primeiro queda coa seguinte redacción “Espazo dedicado a maleteiro totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado a pasaxe e suficiente para transportar o equipaxe desta e cunha capacidade mínima de 330 litros, que deberase alcanzar coa configuración de asentos e prazas máximas que teña autorizada Exceptuase desta obriga os taxis adaptados nos que esterase a configuración propia dos vehículos desta tipoloxía.

E engádese un ultimo paragrafo vixésimo segundo, coa seguinte redacción: “Placa de servizo publico o SP visible que irá instalada na parte dianteira e traseira dos vehículos”

NO ARTIGO 21: DOCUMENTACIÓN se inclúen as seguintes modificacións

No apartado a) despois de vehículo engádese “ e as persoas condutoras “

No documento quinto a redacción e a seguinte “ Póliza do seguro de responsabilidade civil previsto nesta Ordenanza.”

No apartado b) o final engádese “ ou tipo de xornada “

Os apartados e) f) g), quedan coa seguinte redacción :

- “e) Impreso oficial das tarifas de prezos vixentes en lugar visible para as persoas usuarias que deberá estar tamén a disposición en formato braille.
- f) Talonario de recibos autorizado polo Concello, no seu caso.
- g) Follas de reclamacións “

E engádese dos novos apartados k) e L)

- “k) Copia do contrato de traballo da persoa condutora asalariada, e ultimo TC2 o documento que o substitúa.
- l) Copia do contrato suscrito entre as partes para o caso de concertación previa con toma de persoas viaxeiras fora do termino municipal correspondentes ao suposto do artigo 43,2 do regulamento da lei.”

E engádese un ultimo paragrafo coa seguinte redacción :

“A relación de documentos poderá ser modificada por Resolución da Alcaldía, para actualizarse , co fin de introducir as adaptacións derivadas da evolución da técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 18 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e de cambios normativos, dos que se derive a supresión e transformación dos formatos e tipoloxía dos documentos citados. “

O ARTIGO 22: ANTIGÜIDADE, queda coa seguinte redacción :

“Os vehículos afectos ó servizo de taxi non poderán permanecer en servizo por un tempo superior a 10 anos contados dende a data da primeira matriculación; no caso de que o vehículo alcance dita antigüidade sen ser substituído por outro, declararase a caducidade dos correspondentes títulos habilitantes. “

O ARTIGO 23: PROCEDEMENTO DE SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULOS, queda coa seguinte redacción :

A) As solicitudes de cambio de vehículos serán dirixidas ao Concello de forma telemática pola persoa interesada, tanto en relación coa licenza municipal como coa autorización autonómica, debendo formularse polo titular da licenza, en todo caso antes de que expire o prazo de 10 anos do punto anterior, e nun prazo máximo de dez días, contados a partir da data de matriculación do citado vehículo.

A documentación que o titular deberá presentar con ocasión do cambio de vehículo é a seguinte:

- a) Solicitud con xustificante de pago das taxas por revisión de vehículo e por emisión de certificado.
 - b) Copia da documentación do vehículo.
 - c) Copia da póliza de seguro contratada que cubra , a cobertura da responsabilidade civil con o xustificante do pago da mesma
 - d) Licenza municipal do vehículo que vai ser substituído.
 - e) A documentación que o Concello considere necesaria para a comprobación da correcta prestación do servizo de taxi.
 - f) Contrato de arrendamento financeiro no caso no caso de rentig.
- O Concello poderá realizar cantas revisións do vehículo considere necesarias para comprobar o estado de conservación, limpeza a demais condicións esixidas ós vehículos, previa notificación ó titular.

B) A solicitude anterior será tramitada polo Concello de acordo co establecido con carácter xeral pola Lei 39/2015, do 1 de outubro. En concreto, deberá requirir á persoa interesada que emende a solicitude, de conformidade co artigo 68 da devandita lei, no caso de que non acompañe a documentación mencionada no apartado anterior.

C) Completada a tramitación, o Concello poderá desestimar directamente a solicitude, se estima que non concorren os requisitos precisos para acceder ó solicitado. Si polo contrario considera que si danse os requisitos efectuará proposta de resolución e a remitira xunto co expediente ó servizo de Mobilidade da Xunta de Galicia, para informe.

D) Unha vez recibido o informe citado, que terá carácter vinculante, no caso de que teña carácter desfavorable, o Concello deberá ditar unha resolución desestimatoria da solicitude formulada, e notificarallo á persoa interesada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 19 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Se, pola contra, o informe fose favorable, continuarase a tramitación do expediente solicitando da persoa interesada aquela documentación complementaria da inicialmente achegada que resulte precisa para resolver.

A persoa solicitante deberá presentar o vehículo para inspección do mesmo, a requirimento dos servizos inspectores do Concello, quen emitirá informe favorable se o mesmo cumpre os requisitos establecidos nesta Ordenanza.

E) Unha vez resolto o expediente ditarase resolución, que lle será notificada ó titular da licenza de taxi, con indicación de que a súa eficacia está condicionada á resolución favorable da Administración autonómica, e inscribirase no Rexistro de Títulos Habilitantes.

Non poderá prestarse servizo co novo vehículo , en tanto non dispoña das autorización correspondentes.

O ARTIGO 24 Normas Xerais: queda coa seguinte redacción:

“Durante a prestación do servizo os vehículos deben ser conducidos por unha única persoa condutora , xa sexa a persoa titular da licencia e autorización interurbana, u outra que fose contratada laboralmente para este fin por esta.

Para exercer a actividade de persoa condutora dun vehículo taxi e necesario estar en posesión do correspondente permiso de conducción suficiente, establecido na lexislación vixente, dispoñer do permiso municipal de condutor de taxi expedido polo Concello, e figurar de alta e ao corrente de pago no réxime correspondente da Seguridade Social.

A persoa titular da licenza deberá prestar o servizo persoalmente de maneira única e exclusiva .

Non obstante poderá contratar persoas condutoras asalariadas en réxime laboral , figurando en xornada completa e con dedicación exclusiva, o en réxime de persoal autónomo colaborador de acordo coa lexislación laboral.

Cada licenza de taxi non poderá ter adscritos á mesma máis de dous condutores, incluída a persoa titular salvo que esta este exenta de prestar persoalmente o servizo de conformidade co disposto na disposición transitoria terceira de Lei 4/ 2013 de 30 de maio

Nos supostos de baixa medica por enfermidade o declaración de incapacidade permanente revisable, por un período superior a 60 días e polo tempo que estas duren, poderá substituíse a persoa condutora asalariada afectada, por un período igual ao da correspondente baixa o declaración.

A adscrición dunha persoa condutora asalariada a unha licencia de taxi debera ser autorizada polo Concello.

A persoa titular da licenza debera presentar por medios electrónicos no rexistro xeral do Concello a solicitud de alta nun prazo máximo de 5 días, a partir da data da súa contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 20 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A documentación que deberá presentar a persoa titular da licenza xunto coa solicitude será a seguinte:

- Copia do Contrato de Traballo.
- Copia do permiso municipal de condutor da persoa contratada.
- Vida Laboral do condutor asalariado.
- Copia da alta na Seguridade Social.
- Pago das taxas por expedición da tarxeta de condutor.
- En tanto non se autorice polo Concello a adscrición do condutor a licenza , non poderá prestar o servizo .

No caso de que a persoa asalariada produza baixa, a persoa titular deberá comunicalo nun prazo máximo de 5 días e entregar a tarxeta de identificación correspondente ao contrato.”

NO ARTIGO 25: OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI.
CONDICIÓNES ESIXIBLES realízanse as seguintes modificación :

No paragrafo primeiro substitúese o condutor pola “persoa condutora “ e despois de probas necesarias engádese “ que axustaranse aos principios de mérito, capacidade , igualdade e publicidade,”

No paragrafo terceiro substitúese os aspirantes pola “ persoas aspirantes “

No paragrafo cuarto substitúese o interesado pola “persoa interesada”

Nos requisitos despois do paragrafo terceiro engádese un novo paragrafo :

“Ter os coñecementos oportunos para atender debidamente as persoas usuarias en xeral e en particular, a aquelas que teñan mobilidade reducida o que presenten algunha discapacidade física o psíquica , limitacións sensoriais o que sexan mulleres xestantes. “

No paragrafo sexto engadir despois de físico “ ou psíquico”

No ultimo requisito engadir despois de primeiros auxilios “ sempre que se organicen cursos oficiais para esta finalidade “

E engádese un penúltimo paragrafo coa seguinte redacción:

“E demais requisitos establecidos no artigo 38 do regulamento da lei 4/2013 de 30 de maio de transporte de persoas en vehículos de turismo de Galicia. “

O ARTIGO 26: RENOVACIÓNS E DUPLICADOS queda redactado nos seguintes termos :

“Os permisos municipais de condutor de taxi terán unha validez de dez anos, podendo ser renovados polo mesmo período, sempre que a persoa interesada acredite cumprir os requisitos necesarios para a obtención do devandito permiso, e acreditar o desempeño habitual da profesión durante o citado período o en toda caso con un mínimo de dous anos En caso de non exercer a profesión durante o período mínimo esixible debera superar unha proba de aptitude .



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 21 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A persoa que, no momento de solicitar a renovación do permiso municipal estea de alta como autónomo, asalariado ou colaborador nunha licenza de taxi, ten a obriga de presentar solicitude telemática e deberá cumprir os mesmos requisitos establecidos no artigo 25 da presente ordenanza para a obtención do permiso municipal de condutor de taxi aportando a documentación xustificativa que lle sexa requirida polo Concello.

Se a persoa non está prestando servizo de taxi no momento de solicitar a renovación, debera xustificar o cumprimento dos mesmos requisitos.

Debe solicitarse a renovación do permiso con anterioridade ó vencemento do prazo de validez ata un máximo de dous meses antes, e até un mes despois.

De non solicitarse a renovación no prazo sinalado anteriormente, e sempre que non pasara máis dun ano dende a data en que se debería renovar, deberán superar unha proba de coñecemento da normativa en materia de taxi e coñecemento das vías públicas da cidade de Vigo.

Se pasou máis dun ano entre a data en que se debería renovar o permiso municipal de taxi, e a data da solicitude de renovación, quedará automaticamente desestimada a correspondente solicitude, debendo obter novamente o permiso municipal, conforme o establecido no artigo 25 desta Ordenanza

Así mesmo, expediranse duplicados dos permisos municipais de condutor de taxi cando sexa necesario nos casos de perda, roubo o deterioro . Nos casos de perda o roubo deberan presentar a correspondente denuncia ante a Policía Local o Nacional o unha declaración responsable.

A persoa que, no momento de solicitar o duplicado do permiso municipal estea de alta como asalariado ou autónomo colaborador nunha licenza de taxi, ten a obriga de presentar solicitude telemática e e deberá cumprir os mesmos requisitos establecidos no artigo 25 da presente ordenanza para a obtención do permiso municipal de condutor de taxi aportando a documentación xustificativa que lle sexa requirida polo Concello.

NO ARTIGO 29: NORMAS XERAIS no paragrafo primeiro despois solicitarse inclúese “ telematicamente “ e despois de instalar inclúese “ e axuntarse copia do contrato “

NO ARTIGO 30 :CONCERTACIÓN DO SERVIZO no apartado d) engádese despois de mediante “ concertación o “

e no paragrafo f) suprímese a letra f) e queda coa seguinte redacción : “A contratación do servizo, levarase a cabo pola capacidade total do vehículo, entendendo por tal o total de prazas autorizadas das que dispoña o vehículo para o transporte de persoas e os vultos cos que viaxen, sen perxucio de que varias persoas compartan o vehículo si así o acordan.”

Engádese un artigo 30 bis: CONTRATACIÓN POR PRAZA CON PAGO INDIVIDUAL

De conformidade co disposto no artigo 39 nº 3 do regulamento da lei 4/2013 de 30 de maio de transporte de persoas en vehículos de turismo de Galicia e nas condicións establecidas no mesmo, contemplase os servizos de taxi a varias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 22 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

persoas usuarias por cobro individual por praza, que deberan axustarse as seguintes condicións :

1)A contratación por praza con pago individual solo admitirase nos servizos de taxi previamente contratados por medios telemáticos o medios telefónicos

2)Os servizos de taxi compartido componse dun traxecto principal, solicitado polo primer viaxeiro, e dos traxectos accesorios, que deberán sempre discorrer dentro do traxecto principal a efectos de que poidan subir e baixar viaxeiros durante o mesmo

3)Cando un viaxeiro contrate un servizo de taxi por praza facilitará o punto de orixe e destino do traxecto, data e hora da súa realización, o número de prazas que se desexa contratar e deberá coñecer o prezo antes da súa realización.

4)Durante o desenvolvemento dun servizo contratado por praza cumpríranse as seguintes condicións:

- a) O itinerario será o máis dereito o adecuado entre o inicio e final do traxecto principal a elección do condutor
- b) Admitiranse paradas intermedias para permitir a subida e baixada de viaxeiros durante o traxecto compartido.
- c) No módulo luminoso visualízase que o vehículo realiza un servizo previamente contratado.
- d) Si se produce o abandono do vehículo por algún dos viaxeiros, suporá a finalización do servizo contratado con o viaxeiro, e o pago do prezo acordado con ele.

5) Realizado o viaxe, cada usuario recibirá un xustificante da prestación do servizo

6) Para un traxecto orixe e destino, a suma dos prezos abonados polos usuarios que comparten total o parcialmente o traxecto non poderá ser superior ao prezo que resultase do prezo cerrado .

NO ARTIGO 32: INICIACIÓN DO SERVIZO engádense os dous seguintes parágrafos ao principio :

“Os servizos de transporte interurbano, deberan iniciarse no termino do Concello ao que corresponda a licenza de transporte urbano , salvo no caso de contratación o reserva previa contemplado no artigo 33 da Lei 4/2013 de 30 de maio .

Neste caso , o servizo concertado deberá ter por destino efectivo o Concello no que este domiciliada a licencia de taxi, o tratarse dun servizo de taxi para persoas usuarias de mobilidade reducida en cadeira de rodas , sempre que nos municipios de orixe e destino non existan vehículos de taxi adaptados. O contrato debe documentarse por escrito.

NO ARTIGO 33: PAGAMENTO DO SERVIZO onde di até 20 € substituíse por “ate 50 €”

NO ARTIGO 35 : DENEGACIÓN DO SERVIZO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 23 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No paragrafo primeiro substitúese condutor por “ persoa condutora “

Nos motivos de negativa engádese un ultimo paragrafo co seguinte contido:

“Cando exista una reiteración de servizos solicitados por telefono o telematicamente que unha vez prestados non sexa abonado o seu importe, sempre que o usuario poida ser identificado e se comunique previamente ao Concello. Considerarase a reiteración cando o mesmo feito e pola mesma persoa se produza dúas o mas veces no transcurso dun ano, correspondendo a persoa titular do taxi a proba destes incumprimentos “.

NO ARTIGO 37: FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO: queda coa seguinte redacción:

A) DEREITOS DAS PERSOAS PROFESIONAIS DO TAXI

- a) a cobrar os servizos de conformidade coas tarifas aprobadas en cada momento.
- b) a negarse a prestar o servizo nos casos previstos no artigo 35 da presente ordenanza.
- c) a que as persoas usuarias non suban ni baixen do vehículo cando este estea en movemento.
- d) a que as persoas usuarias non manteñan actitudes que poidan resultar molestas u ofensivas para a persoa condutora.

E todos aqueles que se deriven do contido da presente ordenanza.

B) DEBERES DAS PERSOAS PROFESIONAIS DO TAXI

- a) prestar o servizo que se demande , sempre que o vehículo estea libre e a solicitude se realice cumprindo as obrigacións que corresponden as persoas usuarias.
- b) non transportar un numero de persoas superior al das prazas autorizadas.
- c) observar a máxima dilixencia no exercicio da actividade de taxi.
- d) cobrar os servizos de conformidade co réxime tarifario oficialmente establecido, e entregar ao viaxeiro o recibo do servizo prestado.
- e) coidar o aspecto e o aseo persoal e vestirse axeitadamente para o servizo .Queda prohibida a utilización durante a prestación do servizo de chandal, roupa de deporte , camiseta de tirantes , chanclas e pantalóns curtos .
- f) poñer a disposición das persoas usuarias do servizo as follas de reclamacións.
- g) revisar o interior do vehículo ao final de cada servizo para comprobar si o usuario ten esquecido calquera das súas pertenzas nel.
- h) durante a prestación do servizo, en ningunha ocasión e por ningún concepto , os condutores proferiran ofensas ou entablaran discusións que alteren a orde , xa sexa entre si , cos pasaxeiros , co publico en xeral ou cos axentes de autoridade.
- i) admitir e respectar o uso do dereito da confidencialidade das linguas castelá e galega que fagan os usuarios, nas indicacións necesarias para o cumprimento do servizo.
- j) levar o vehículo en condicións óptimas no interior o exterior, en canto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.
- k) os condutores dun vehículo taxi, unha vez chegado ao lugar de destino e se un cliente que poida encontrarse en situación de especial vulnerabilidade así llo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 24 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

demanda, estarán obrigados a esperar e vixiar a entrada destes nos seus portais, non podendo abandonar o lugar ata ese momento.
l) non fumar no vehículo en ningún momento, debendo levar no vehículo un cartel que así o indique.
m) non consumir bebidas alcohólicas o calquera tipo de sustancias estupefacientes no interior do vehículo.

E todos aqueles que se deriven do contido da presente ordenanza.

No artigo 39: DESCANSOS

No paragrafo segundo engadir despois de Concello “en horario de 6,00 a 22,00 horas”

No paragrafo terceiro suprimir “ que soamente poderán prestar eses días servizos as persoas de mobilidade reducida “

O ultimo paragrafo quedara redactado quedará coa seguinte redacción:

Cando concorran situacións excepcionais que impliquen una importante diminución o incremento da demanda perfectamente xustificada e provisional no tempo, que poida afectar as condicións de prestación do servizo en relación coa rendibilidade do mesmo, e que non se trate dunha proposta que de lugar a unha modificación permanente do sistema de descansos, pode estudarse unha modificación provisional do réxime de descanso. A proposta pode ser a solicitude das asociacións representativas do sector acreditando o apoio a iniciativa dunha maioría absoluta ds licenzas de taxis existentes.

O artigo 40: PARADAS queda redactado nos seguintes termos :

O Concello, previa consulta as asociacións profesionais representativas do sector do taxi e as organizacións das persoas usuarias e consumidoras representativas fixara os puntos de parada nos que os vehículos que presten o servizo de taxi poderán estacionar de forma exclusiva a espera de pasaxeiros, determinara igualmente o número máximo de vehículos que poden concorrer simultaneamente a cada punto de parada e a forma na que deben estacionar. Para o establecemento das paradas terase en conta, en todo caso e prioritariamente, o mantemento das adecuadas condicións para a fluidez do tráfico así como a visibilidade das mesmas.

As persoas usuarias poderán escoller o vehículo que lles preste servizo entre os que ocupan as dos primeiras posicións na correspondente parada.

Os vehículos en circulación no poderán tomar viaxeiros a menos de 100 metros dos puntos de parada establecidos no sentido da marcha, excepto para as persoas de mobilidade reducida que soliciten un taxi adaptado.

No artigo 41: TAXIS ADAPTADOS :

O paragrafo terceiro queda coa seguinte redacción : “As persoas condutoras que presten servizo de taxi deben axudara a subir e baixar do vehículo as persoas con mobilidade reducida , a empregar os sistemas de retención e no seu caso a cargar



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 25 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

no espazo do vehículo destinado a tal efecto os elementos que aquelas poidan necesitar para desprazase.”

Engádese un parágrafo anterior ao ultimo co seguinte texto :

“As persoas usuarias poderán ir acompañadas de cans guías o de asistencia sen que poida supoñer incremento no prezo do servizo.”

O artigo 42: NORMAS XERAIS

O paragrafo cuarto queda coa seguinte redacción:

“O Concello fixará as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi; para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia previa a súa aprobación, as profesionais de empresarios e traballadores do sector e as de consumidores e usuarios , en orde a recabar as consideracións que estimen pertinentes “

Engádense ao final os seguinte parágrafos novos :

“Sen perxucio do anterior , con antelación ao inicio da prestación dos servizos de taxi, a persoa titular da licenza de taxi e as persoas usuarias poderán acordar un prezo fixo para a súa prestación o un desconto sobre a tarifa que resulte de aplicación para o conxunto de conceptos facturables. Nestes supostos, as tarifas terán a consideración de máximas e o acordo debera ser documentado en soporte papel o electrónico.

No caso de establecemento dun prezo final fixo, no acordo debera figurar o importe acordado como o que correspondería a prestación do servizo atendendo as tarifas máximas aplicables; no caso de aplicación dun porcentaxe de desconto sobre o prezo final na documentación debe identificarse dito porcentaxe

En todo caso estarase ao disposto no nº 7 do artigo 40 da lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia “

O ultimo paragrafo queda co a seguinte redacción:

“En tanto non se fixe pola Xunta de Galicia unha estrutura harmonizada das tarifas, a oportunidade e necesidade de proceder a revisión tarifaria do servizo de taxi, debe ser xustificada polas Asociacións solicitantes, mediante a presentación dun estudo económico do sector que xustifique o incremento proposto, incremento que unha vez xustificado non poderá superar o IPC do transporte da comunidade autónoma galega”

O artigo 43 DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS queda coa seguinte redacción :

- a) a ser informados pola administración competente das condicións en que deben prestarse os servizos de taxi.
- b) a exixir da persoa condutora o cumprimento de tódalas obrigacións vinculadas a prestacións dos servizos.
- c) a que a persoa condutora observe a máxima dilixencia na conducción do vehículo e no trato coas persoas ocupantes do mesmo e ocupantes da vía publica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 26 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- d) a recibir da persoa condutora si así o demanda, xustificación escrita das causas da negativa a prestar o servizo.
- e) a decidir sobre o funcionamento do aire acondicionado o calefacción do vehículo.
- f) a obter axuda da persoa condutora sempre que se necesite tanto para subir e baixar do vehículo, como para cargar e descargar equipaxes o aparatos necesarios para o desprazamento de persoas usuarias , tales como cadeiras de rodas o carriños de bebés, equipaxes que non poderán supoñer un risco para a integridade das persoas o nin causar danos no interior.
- g) a decidir que se apague o baixe o volume da radio o de calquera outro aparato de reprodución , excepto o aparato de reprodución de radio taxi o equivalente.
- h) a que se lle facilite cambio de moeda ate o importe de 50 €
- i) a que se lle entregue recibo do servizo prestado no que conste o prezo, orixe e destino do servizo, o numero da licenza de taxi do vehículo que atendeu o servizo, a identificación da persoa titular dos títulos habilitantes e da persoa condutora condutora e a petición da persoa usuaria , o itinerario percorrido
- j) a que se lle faciliten follas de reclamacións.
- k) a que a persoa condutora acenda a luz anterior do vehículos pola noite para facilitar a subida e a baixada dos viaxeiros e o pagamento do servizo.
- l) a poder ir acompañados de cans-guía cando se trate de persoas cegas o con deficiencia visual o de cans de servizo que acompañen a persoas con discapacidades físicas ou psíquicas.
- m) acceder ao servizo en condicións de igualdade. Os condutores e condutoras que prestan o servizo deberán proporcionar a súa axuda ás persoas con mobilidade reducida, así como a aquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas, ou ás mulleres xestantes, e deberán cargar e descargar a súa equipaxe.
- n) a prestación do servizo con vehículos que dispoñan das condicións óptimas, no interior e no exterior, en canto á hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.
- ñ) a subir e a baixar do vehículo en lugares onde quede suficientemente garantida a seguridade das persoas.
- o) a seleccionar o percorrido que consideren máis adecuado para a prestación do servizo. No suposto de que non exerzan o referido dereito, sempre debe realizarse seguindo o itinerario previsiblemente máis curto, tendo en conta tanto a distancia que se vai percorrer como o tempo estimado de duración do servizo, segundo as condicións de saturación da circulación.
- p) a obter información sobre o número de licenza de taxi e as tarifas aplicables aos servizos.
- q) A transportar equipaxes coa limitación da capacidade do maleteiro, sempre que estes non supoñan un risco para os persoas o danos no vehículo; podendo portar gratuitamente no maleteiro un vulto de equipaxe.

E todos aqueles que se deriven do contido da presente ordenanza.

O artigo 44 : DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS queda coa seguinte redacción:

- a) pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réxime de tarifas establecido.
- b) non subir ni baixar do vehículo cando este este en marcha.
- c) non manter actitudes que poidan resultar molestas u ofensivas para a persoa condutora e non deteriorar ningún elemento do vehículo.
- d) absterse de fumar no interior do vehículo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 27 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- e) absterse de consumir bebidas alcohólicas o calquera tipo de sustancias estupefacientes no interior do vehículo.
- f) adoptar un comportamento respectuoso durante a prestación do servizo, sen interferir na condución do vehículo e respectar as instrucións da persoa condutora en relación coa prestación do servizo en condicións de seguridade sen que poida implicar perigo para as persoas e os bens.

E todas aquelas que se deriven do contido da presente ordenanza.

No artigo 46 :FALTAS MOI GRAVES modifícanse os apartados h) e i) que quedan redactados nos seguintes termos e engádense os novos apartados q) r) e s) :

- h) o incumprimento das obrigacións de prestación do servizo de taxi , impostas polo Concello.
- i) non levar aparato taxímetro, a manipulación do mesmo , facelo funcionar de maneira inadecuada, impedir a súa visibilidade ,non levalo en funcionamento durante a prestación do servizo, así como tódalas accións destinadas a alterar o seu correcto funcionamento, aínda cando este non se encontrase en funcionamento no momento da inspección .
- q) a prestación de servizos de transporte con vehículos que incumpran as condicións técnicas sobre accesibilidade de persoas con mobilidade reducida sempre que o vehículo sexa un taxi adaptado.
- r) prestar o servizo con un numero de ocupantes que supere o numero de prazas autorizadas de conformidade coa normativa vixente.
- s) a realización de servizos de transporte de persoas mediante cobro individual, excepto nos casos en que estea expresamente autorizado.

O artigo 47 FALTAS GRAVES :substituíse o apartado m) actual que queda coa seguinte redacción :

- m) “Calquera das infraccións previstas como moi graves cando por su natureza, ocasión o circunstancia no deba ser cualificada como moi grave.”

O artigo 48: FALTAS LEVES: se engade dous novos apartado n) e o) coa seguinte redacción:

- n) “no interior do vehículo, non expoñer ao publico os cadros de prezos autorizados o telos en lugares non visibles, e non indicar a carencia de follas de reclamacións.
- O) Calquera das infraccións previstas graves cando por su natureza, ocasión o circunstancia no deba ser cualificada como grave.”

Dentro do CAPITULO II, PROCEDEMENTO SANCIONADOR substituíse o texto polos seguintes artigos :

Artigo 50: CONSIDERACIÓNS XERAIS

O procedemento sancionador será o establecido na normativa básica en materia sancionadora contida na lei 39/2015 de 1 de outubro en na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector publico.

Artigo 51: PROCEDEMENTO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 28 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O procedemento sancionador será incoado de oficio:

- a) Por acordo do órgano competente.
- b) Por denuncia dun terceiro. Calquera persoa (particular. Central Sindical, Agrupación Profesional ou Asociación de Consumidores e Usuarios), poderá formular denuncia por feitos que constitúen infracción dos preceptos contidos nesta Ordenanza.
- c) Están obrigados a formular denuncia os axentes da autoridade.

O prazo dentro do cal debe notificarse a resolución do procedemento sancionador é dun ano desde a data do acordo de incoación do correspondente expediente sancionador,

Antes do inicio do procedemento administrativo sancionador o Órgano competente de oficio o a instancia de parte , nos casos de urxencia para protexer provisionalmente os intereses das persoas implicadas , pode adoptar as medidas axeitadas o efecto , medidas que deberan ser , modificadas o levantadas polo acordo de incoación do procedemento sancionador que deba producirse nos quince días seguintes ó de adopción do Acordo.

Si a persoa interesada decide voluntariamente facer efectiva a sanción antes do transcurso de 30 días seguintes a notificación do expediente sancionador, a contía pecuniaria da sanción inicialmente proposta reducirase nun 30%

O pagamento da sanción pecuniaria con anterioridade a que se dite a resolución sancionadora implicara a conformidade cos feitos denunciados e a renuncia a formular alegacións por parte da persoa interesada e a finalización do procedemento , debendo non obstante , ditarse resolución expresados.

O pagamento das sancións pecuniarias impostas en materia de transportes por resolución que poña fin a vía administrativa , será requisito para o visado obrigatorio , así como para autorizar a transmisión da licenza de taxi.

Engádese unha disposición adicional despois do artigo 51, co seguinte contido “de acordo ao artigo 28 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, a persoa interesada ten dereito a non presentar documentos que xa se encontren en poder das administracións públicas ou que fosen elaborados por estas, sempre que o Concello teña acceso aos mesmos e solicitante non se opoña o autorice nos casos que así sexa necesaria a súa consulta.”

A DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA : queda redactada co seguinte texto:

“De conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local , a presente modificación da vixente Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, entrara en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, una vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación”

CUARTO: Publicar o presente acordo de modificación da ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra modificación que entrara en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 29 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

vigor de conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da lei 7/ 1985 de 2 de abril aos quince días hábiles da súa publicación .

5.(50) PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS E HABILITACIÓN DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 39351/220 (EXPTE. PLENO 3352/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 2 de marzo de 2022, a xefa de Área de Recursos Humanos e formación, co conforme da concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal emite o seguinte informe proposta,

“1.-ANTECEDENTES, MOTIVACIÓN DE NECESIDADE E CARACTERÍSTICAS DO CONVENIO PROPOSTO

1.1.- Antecedentes:

Por orde de incoación de data de sinatura electrónica 15.02.2022 procedeuse á incoación de expediente administrativo para a formalización de convenio de colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) da Xunta de Galicia tendente á asunción, pola dita entidade, da convocatoria das prazas vacantes no Corpo de Policía Local do Concello de Vigo, ao abeiro do disposto na normativa xeral e específica de aplicación.

Consta memoria xustificativa de data de sinatura electrónica 16/02/2022.

1.2.- Motivación da necesidade, oportunidade e obxecto do convenio:

A xustificación da procedencia e oportunidade de formalización do convenio referenciado baséase no feito de que, no desenvolvemento da función de recursos humanos por parte das Administracións Públicas -en derivación directa das competencias constitucional e legalmente atribuídas, e no exercicio das potestades públicas de planificación e autoorganización legalmente recoñecidas- a selección de persoal conforma un dos ámbitos esenciais de actuación. No caso das Entidades Locais, a normativa vixente en materia de réxime local e o propio Dereito do Emprego Público establecen a competencia das mesmas para a selección e nomeamento do seu persoal.

A actividade administrativa que debe ser desenvolva para a selección de persoal empregado público caracterízase pola súa intensidade, impactando de xeito notable nas estruturas organizativas internas asignadas á función de dirección e xestión de recursos humanos.

Na actualidade, a recente aprobación e entrada en vigor das previsións da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas para a reforma da temporalidade no emprego público -que establece a obriga de estabilización do emprego temporal na totalidade das Administracións Públicas nos prazos, termos e condicións do seu



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 30 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

propio texto- e da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 -a cal preceptúa obrigas específicas respecto da planificación, organización, desenvolvemento e execución das ofertas de emprego público a desenvolver en breves prazos- e a insuficiencia de dotacións na estrutura interna existente para a xestión integral dos procesos de selección de persoal funcionario e laboral encadrados nas Ofertas de Emprego Público pendentes de execución en concomitancia coas actuacións de estabilización indicadas xeneran a inviabilidade da abordaxe da totalidade das actuacións citadas de xeito eficaz cos recursos existentes, sen que deba producirse demora derivada do reforzamento de dotacións de persoal no concreto ámbito funcional de recursos humanos.

No suposto da selección do persoal funcionario de carreira nos Corpos da Policía Local, o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, contempla a posibilidade de formalización de instrumentos de colaboración mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes existentes nos Corpos de Policía Local.

A formalización do convenio indicado permitirá o efectivo e eficaz cumprimento dos obxectivos establecidos na actividade de planificación de recursos humanos no relativo á execución áxil e en prazo das Ofertas de Emprego Público no Corpo de Policía Local, conformando concreto obxecto do mesmo, consonte dispón o artigo 2.3, letra a) da dita norma *“la delegación por el ayuntamiento a la Administración General de la Comunidad Autónoma de todas las competencias relativas a la convocatoria y desarrollo de los procesos selectivos para el acceso a la categoría o categorías de su cuerpo de policía local que se determinen en el propio convenio, incluida, en su caso, la de auxiliares de policía local o a los puestos de vigilantes municipales, de no existir en el ayuntamiento cuerpo de policía local”*.

Exceptúanse en todo caso da delegación de competencias obxecto de convenio *“las competencias relativas al nombramiento como personal funcionario en prácticas o, en su caso, como personal funcionario de carrera, y la contratación como personal auxiliar de policía local, de las personas aprobadas o que hayan obtenido plaza en los procesos selectivos, por lo que el ayuntamiento se obligará a efectuar el correspondiente nombramiento a favor de dichas personas o a contratarlas como persona auxiliar de Policía Local, si eligen plaza en el mismo”* (artigo 2.3, letra b) do Decreto referenciado)

Adicionalmente, indícase que o obxecto do convenio proposto atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ao abeiro do establecido no artigo 6.1, non estando comprendido no ámbito de aplicación da dita lei, nin previsto como contrato na lexislación administrativa especial, formalizándose en servizo aos intereses xerais da cidadanía.

O prazo de vixencia do convenio de colaboración proposto será de catro anos, prorrogable por idéntico período de tempo, segundo o establecido no artigo 2.3, letra c) do Decreto autonómico invocado.

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 31 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.1.- Axuste do convenio proposto á normativa vixente

O convenio obxecto de expediente contén as especificacións esixidas nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, rexéndose, ademais de polo establecido no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, polos pactos que no convenio se conteñen, polas disposicións do capítulo VI —dos convenios— do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, pola lexislación básica en materia de réxime local -Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; Real decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e normativa de concordante e procedente aplicación- e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

O expediente administrativo tramitado e o proxecto de convenio realizado conforme ao modelo oficial esixido pola Xunta de Galicia xustifican a finalidade e conveniencia do mesmo, as competencias das partes que interveñen, a ausencia de obrigas económicas para a Administración Municipal, e as demais previsións esixidas pola Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

As estipulacións que o convenio incorpora estímanse conformes ao ordenamento xurídico, ao interese público e á finalidade do mesmo normativamente contemplada no concreto ámbito da selección do persoal ao servizo dos Corpos da Policía Local de Galicia.

2.2- Requisitos para a formalización do convenio de colaboración obxecto de expediente:

A formalización do convenio proposto require da previa aprobación polo Pleno da Corporación Municipal da delegación de competencias en favor da Xunta de Galicia, ao abeiro do establecido no artigo 123.1, letra j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, que atribúe ao citado órgano municipal a competencia para *“la transferencia de funciones o actividades a otras Administraciones públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras Administraciones, salvo que por ley se impongan obligatoriamente.”*

O propio Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, contempla expresamente o alcance de tal delegación, concretada, segundo o disposto no artigo 2.3, letra a) en *“la delegación por el ayuntamiento a la Administración General de la Comunidad Autónoma de todas las competencias relativas a la convocatoria y desarrollo de los procesos selectivos para el acceso a la categoría o categorías de su cuerpo de policía local que se determinen en el propio convenio, incluida, en su caso, la de auxiliares de policía local o a los puestos de vigilantes municipales, de no existir en el ayuntamiento cuerpo de policía local”*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 32 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Déixase constancia de que a propia norma exclúe expresamente e en todo caso da delegación de competencias obxecto de convenio *“las competencias relativas al nombramiento como personal funcionario en prácticas o, en su caso, como personal funcionario de carrera, y la contratación como personal auxiliar de policía local, de las personas aprobadas o que hayan obtenido plaza en los procesos selectivos, por lo que el ayuntamiento se obligará a efectuar el correspondiente nombramiento a favor de dichas personas o a contratarlas como persona auxiliar de Policía Local, si eligen plaza en el mismo”* (artigo 2.3, letra b).

A sinatura do convenio de colaboración proposto corresponde á Excma. Alcaldía, no exercicio das atribucións de carácter representativo do municipio contempladas no artigo 124, apartados 1 e 4, letra a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, así como en atención á titularidade da xefatura da Policía Municipal que expresamente lle atribúe o artigo 124.4, letra j) da mesma norma.

2.3 Obrigas en materia de transparencia

Consonte ao establecido no artigo 8.1, letra b) da Lei 19/2013, de 19 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se aprobe e conforme ao contemplado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dentro dos tres meses seguintes á sinatura do convenio, non procedendo á remisión ao Consello de Contas de Galicia ao carecer de impacto económico na Facenda Local do Concello de Vigo, a salvo de mellor criterio da Intervención Xeral Municipal.

3.-SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA DA INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL

A aprobación do convenio de colaboración obxecto do expediente carece de impacto económico na Facenda Local do Concello de Vigo, ao establecer o artigo 2.3, letra f) do citado Decreto autonómico 115/2017, do 17 de novembro, que *“el convenio no supondrá obligación económica alguna para el ayuntamiento, asumiendo la Administración general de la Comunidad Autónoma todos los gastos que conlleve la organización de procesos selectivos unitarios y percibiendo, correlativamente, los ingresos derivados de las tasas por la participación en los mismos, de acuerdo con lo establecido en la legislación de tasas de la Comunidad Autónoma de Galicia”*.

Sen prexuízo delo, foi remitido o expediente á Intervención Xeral Municipal con carácter previo á remisión do mesmo ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, constando informe de fiscalización de data de sinatura electrónica 25.02.2022 (trámite 46 do expediente) no cal consta a ausencia de impacto económico para a Facenda Local do Concello de Vigo, así como o aforro económico que se xenerará para o Concello de Vigo, ao non ter que aboar importes en concepto de indemnizacións por razón do servizo a membros e asistentes a órganos de selección de persoal, unha vez se produza a vixencia do convenio.

4.- SOMETEMENTO A INFORME PRECEPTIVO DA SECRETARÍA XERAL DE PLENO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 33 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Consta emitido informe preceptivo da Secretaría Xeral do Pleno, de data de sinatura electrónica 01.03.2022 (trámite 57 do expediente) respecto do cal, e en relación coas indicacións que no mesmo se conteñen, se realizan as precisións seguintes:

-Dende o máximo respecto ao exercicio da función reservada de asesoramento legal preceptivo que a lexislación vixente atribúe aos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional adscritos ao órgano directivo municipal de apoio aos Plenos das Corporacións Locais nos municipios sometidos ao réxime xurídico e organizativo de gran poboación, e sempre dende a estricta perspectiva do razoamento xurídico, indícase que a diferenza entre a delegación de competencias e a transferencia de competencias non é menor, debendo ser diferenciada adecuadamente a unha da outra.

Así, a delegación de competencias refírese ao cambio no exercicio dunha determinada competencia, quedando inalterada a titularidade da mesma, mentres que no suposto da transferencia de competencias concorre un cambio na titularidade da competencia, e, consecuentemente, no seu exercicio.

Non se considera, da lectura do articulado do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, e incluso nunha interpretación telelóxica efectuada consonte ao establecido no artigo 3 do Código Civil, que a finalidade da norma sexa a de que a Comunidade Autónoma de Galicia pase a ostentar a titularidade das competencias municipais en materia de selección do personal ao servizo dos Corpos da Policía Local de Galicia -o cal constituiría o obxecto dunha eventual "transferencia" de competencias- senón a asunción temporal das competencias que os municipios galegos ostentan *ex lege* en materia de selección do persoal ao seu servizo, e máis concretamente, do persoal ao servizo dos Corpos de Policía Local, actuando a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia como Administración Pública delegada durante a vixencia do Convenio e das súas prórrogas, ao abeiro da posibilidade establecida no artigo 2.3, letra a) da norma regulamentaria autonómica citada.

Reputados autores da doutrina administrativista especializada, como Guillén (2004)¹ sinalan acertadamente a relevancia da diferenciación indicada, expoñendo que *"la delegación es la resolución de un órgano administrativo en virtud de la cual se transfiere a otro órgano de la misma o distinta Entidad el ejercicio de una competencia que se encuentra atribuida al órgano delegante. Lo característico de esta técnica de alteración de competencias es que la titularidad de la competencia delegada sigue residiendo en el órgano delegante, por lo que la delegación sólo afecta al ejercicio de la competencia, con las indudables consecuencias jurídicas que ello tiene: conocer si el acto agota o no la vía administrativa, qué recursos proceden, cuál es el órgano jurisdiccional competente para enjuiciar el recurso contencioso-administrativo que pueda interponerse, etc."*

1 Guillén Caramés, J. (2004). *Delegación y avocación de competencias. Conflictos de atribuciones intraministeriales*. Revista parlamentaria de la Asamblea de Madrid, ISSN 1575-5312, Nº. Extra 2, 2004 (Ejemplar dedicado a Gobierno y Administración del Estado. Comentarios a la Ley 6/1997, de 14 de abril, de Organización y Funcionamiento de la Administración General del Estado), págs. 613-620.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 34 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Clarexada, por tanto, a diferenza entre un eventual traspaso de titularidade de competencias (transferencia) e unha asunción temporal de competencias sen alteración da titularidade das mesmas (delegación) entende a suscribinte a procedencia de axuste ao teor literal da norma, que expresamente contempla a delegación de competencias, sen estimar procedente máis pronunciamento que o da efectiva aplicación da norma xurídica invocada.

-En relación coa observación de que “procede, para a maior coñecemento do Pleno no acordo a adoptar, que o informe proposta concrete e ratifique esta posibilidade” en relación á convocatoria pola Academia Galega de Seguridade Pública de determinadas prazas vacantes do Concello de Vigo de quenda libre na categoría de policía, en concreto as 24 prazas da Oferta de Emprego Público do ano 2020 e as 9 prazas da Oferta do ano 2021, déixase constancia expresa de que en comunicación electrónica do 21 de febreiro do 2022 a Dirección de Formación confirmou a efectiva inclusión das prazas pendentes de convocatoria ou execución actualmente no Concello de Vigo nas convocatorias a efectuar pola Comunidade Autónoma, as cales teñen carácter inminente.

Indícase igualmente que no trámite 26 do expediente electrónico consta certificación acreditativa das concretas prazas a convocar pola AGASP, de xeito tal que, tendo acceso as Concelleiras e Concelleiros da Corporación Municipal ao expediente electrónico nº 39.351/220 con carácter previo a súa aprobación, poderán dispoñer da totalidade da información necesaria para a aprobación do expediente, así como respecto das concretas prazas que serán obxecto de convocatoria pola Comunidade Autónoma.

-Respecto das restantes indicacións efectuadas con respecto ao texto do convenio e ás Disposicións citadas no mesmo, déixase constancia expresa de que o pleno axuste do proxecto de convenio cuxa aprobación se propón á normativa vixente foi confirmada pola Dirección de Formación da Academia Galega de Seguridade Pública da Xunta de Galicia (AGASP) en comunicación electrónica de data 23 de febreiro do 2022, no marco dos traballos de coordinación do proceso de xestión do presente convenio, axustándose ao modelo oficial establecido pola Comunidade Autónoma - que se estima axustado a Dereito-.

5.- PROPOSTA DE ACORDO

Visto o informe xurídico-proposta de acordo que antecede, e coa conformidade da Concellería-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal competente en materia de personal consonte ao Decreto da Excm. Alcaldía de 16 de abril de 2021 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de abril do 2021; e considerando os informes preceptivos emitidos ao expediente administrativo, sométese á aprobación do Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo...”

De seguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo,

O interventor xeral con data 25 de febreiro emite informe de fiscalización.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 35 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con data 1 de marzo o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico e posteriormente en data 7 de marzo, emite un informe complementario.

A Xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, con data 17 de marzo, remite o texto do Convenio que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Administrativa e I+D, na súa sesión ordinaria do 23.03.22, ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que o compoñen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, ao abeiro do establecido no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, e nos termos do proxecto de convenio de colaboración de data de sinatura dixital 21.02.2022 (trámite 34 do expediente electrónico nº 39.351/220) consonte aos informes emitidos no mesmo e por todo o tempo de vixencia do convenio proposto, nos termos do establecido na normativa vixente.

SEGUNDO.- Habilitar á Excma. Alcaldía do Concello de Vigo para a sinatura do convenio de colaboración indicado no apartado primeiro do presente acordo, nos termos das atribucións que o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, lle outorga.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dicitou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 36 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXILANTES MUNICIPAIS

Santiago de Compostela, data segundo sinatura electrónica

REUNIDOS DUNHA PARTE,

D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local;

DOUTRA,

D. Abel Ramón Caballero Álvarez, Excmo. Alcalde de Vigo, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; estando facultado para a sinatura deste convenio polo Pleno da Corporación Municipal de Vigo, segundo acordo adoptado na sesión de data....., en cumprimento do previsto no artigo 123.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril citada;

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento deste convenio, EXPOÑEN:

I.- A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que “a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración”.

En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017 establece que “a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 37 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II.- Dentro do devandito marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixilantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

III.- Mediante acordo do Pleno da Corporación Municipal de Vigo de data ..., adoptado en cumprimento do previsto no artigo 123.1.j da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Concello de Vigo delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

Para instrumentar esta delegación, e de acordo co previsto no artigo 2.3 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, e na lexislación de réxime xurídico do sector público e de réxime local, ambas as dúas partes acordan as seguintes CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: Obxecto.

1. Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Vigo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local.

2. En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as prazas de vixilantes municipais, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

3. Para o ano 2022 a delegación realizada polo concello é aceptada pola Administración xeral da Comunidade Autónoma en relación ás súas prazas vacantes comunicadas coa sinatura do presente convenio e demais normativa de aplicación.

SEGUNDA: Comunicación á Academia Galega de Seguridade Pública das prazas concretas a convocar e prazo para efectuar a devandita comunicación.

1. O concello, no momento da sinatura do convenio ou ben nun momento posterior e, en todo caso, antes dos prazos que a continuación se indican, deberá comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, no modelo que se recolle no Anexo I, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 38 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

2. A comunicación deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente esixidos para a convocatoria das prazas, segundo o modelo que se recolle no Anexo II deste convenio.

3. Os prazos para efectuar a devandita comunicación é antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano.

TERCEIRA: Alcance da delegación.

1. A delegación obxecto deste convenio comprende:

a) A aprobación e publicación das convocatorias dos procesos selectivos coas súas bases, así como a aprobación, notificación e publicación de todos os demais actos e resolucións administrativas que dean cobertura xurídica ao desenvolvemento daqueles.

b) O nomeamento e coordinación dos órganos de selección, incluído o aboamento de todos os gastos derivados da súa actuación.

c) A recepción das solicitudes de participación e o cobro das correspondentes taxas.

d) A xestión íntegra da operativa precisa para o desenvolvemento material dos procesos selectivos.

e) A cualificación das probas selectivas e a aplicación dos correspondentes baremos de méritos.

f) Se o convenio inclúise a selección do persoal auxiliar de policía local, a xestión das correspondentes listas selectivas nos termos establecidos polo artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

g) Todas as demais xestións relacionadas coa convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos, coa excepción que se sinala no número seguinte.

h) A organización dos correspondentes cursos selectivos de formación ou capacitación.

2. Exceptúanse da delegación as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, e a contratación como persoal auxiliar de policía local das persoas aprobadas ou que obtivesen praza nos procesos selectivos.

CUARTA: Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase a aprobar e publicar as convocatorias dos procesos selectivos para o acceso ás categorías do corpo de Policía local comprendidas neste convenio sempre que as prazas comunicadas para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 39 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a correspondente categoría e sistema de acceso polos concellos cos cales estean en vigor os preceptivos convenios alcancen o número mínimo total de:

- Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre.
- Cinco, en todos os demais casos.

Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural no caso do persoal auxiliar de policía local, salvo o disposto nas cláusulas segunda e décima terceira. Malia o anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma resérvase a posibilidade de convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior ao sinalado no parágrafo anterior, nos termos sinalados polos artigos 4.1 e 18.1 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

2. No suposto de non se convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar o número mínimo de prazas previsto no número anterior, a consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en coñecemento do concello dita circunstancia. Este poderá optar entre desenvolver por si mesmo o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público.

3. No caso de que o obxecto do convenio comprenda a selección de persoal auxiliar de policía local, a Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase tamén a seleccionar, a través da lista prevista no artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, ás persoas precisas para a cobertura das necesidades sobrevidas desta clase de persoal que se comuniquen polo concello no modelo que se estableza para o efecto, sempre que na devandita lista existan persoas aptas para a cobertura das prazas ás que se refira a comunicación.

QUINTA: Obrigas do Concello.

En virtude deste convenio, o concello asume as seguintes obrigas:

a) Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, na forma e dentro do prazo que se sinala na cláusula segunda, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de Policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou das prazas de vixilantes municipais que se terán que convocar, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

b) Nomear como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, ás persoas aprobadas ou que obtiveron praza nos procesos selectivos ou contratar como persoal auxiliar de policía local ás persoas seleccionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, logo de verificar que teñen superado o preceptivo curso de formación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 40 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Comunicar inmediatamente á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública a toma de posesión ou a contratación das persoas mencionadas na alínea anterior.

d) Efectuar os trámites internos necesarios, nos prazos que fixe a Academia Galega de Seguridade Pública, para a incorporación efectiva aos cursos selectivos de formación ou capacitación das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.

e) Subministrar á consellería competente en materia de seguridade e a Academia Galega de Seguridade Pública toda a información que estas necesiten e demanden consonte o previsto polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, para o cumprimento das obrigas que derivan do presente convenio.

SEXTA: Financiamento dos procesos selectivos.

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma asume o financiamento de todos os gastos derivados da xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto deste convenio, con cargo aos recursos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma percibirá os ingresos derivados das taxas que se establezan pola participación nos procesos selectivos, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

SÉTIMA: Comisión de seguimento.

1. Este convenio será administrado por unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

2. A comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercerá as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e o concello comprométese a resolver por mutuo acordo, no seo da comisión de seguimento, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puidesen xurdir.

OITAVA: Vixencia.

1.- Este convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración.

2.- Con anterioridade á súa finalización, o convenio poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional da mesma duración.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 41 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- A finalización da vixencia do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

NOVENA: Causas de resolución.

1. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, son causas de resolución deste convenio:

a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación a data na que desexe a finalización do mesmo.

b) O incumprimento das cláusulas do mesmo.

c) O mutuo acordo das partes.

2. A resolución do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

DÉCIMA: Modificacións.

As modificacións deste convenio formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e condicións que se esixen para a aprobación do mesmo.

DÉCIMA PRIMEIRA: Publicidade.

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:

a) Identificación das partes que interveñen.

b) Importe do financiamento.

c) Data da sinatura.

d) Finalidade.

e) Período de vixencia.

2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes do convenio manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

DÉCIMA SEGUNDA: Natureza e réxime xurídico.

1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 desta.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 18/05/2022 13:38

Páxina 42 de 93

Expediente/Documento 3388-1101

CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade e a Xunta de Goberno local do concello, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asíñase, por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública.- Alfonso Rueda Valenzuela.

O Alcalde de Vigo.- Abel Ramón Caballero Álvarez

6.(51) SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE FUNCIONARIO INTERINO. EXPTE. 39300/220 (EXPTE. PLENO 3343/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 10 de marzo de 2022, a técnica de Admón. Xeral co conforme da xefa de Recursos Humanos e Formación e da concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

“ANTECEDENTES

I.- Por acordo de XGL de data 21/01/2022, X. Paz Salgado foi nomeado funcionario interino como enxeñeiro de camiños, canais e portos, por execución de programa de carácter temporal -xestión das axudas next generatio UE-, sendo adscrito á Area de servizos xerais e vías e obras. (expte 38903-220)

II.- En data 28/01/2022 o Sr. Paz Salgado, presenta escrito solicitando a compatibilidade do posto de traballo para o que foi nomeado, coa actividade de profesor asociado con dedicación a tempo parcial P05 na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña na Universidade da Coruña.

III.- O día 08/02/2022 foi requirido para presentar: “1- Documento que acredite que o posto de traballo como Profesor universitario asociado desenvólvese en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e con duración determinada., 2- Documento que acredite que a compatibilidade non supón modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos, 3- Documento que acredite que “A cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeneral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en: . Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.”; presentando o o 21/02/2022 a documentación requirida que obra no expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 43 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Cuestión previa.-

Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito -xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público.

- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público vén definido pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. A dita norma ten plena vixencia na actualidade, coa aprobación do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estando incluído no seu ámbito de aplicación o persoal funcionario e o persoal laboral, en calquera das modalidades legalmente previstas (artigo 2.2 da norma específica indicada).

A Lei 53/1984 distingue por unha parte o réxime propio das incompatibilidades con outros postos ou actividades públicas e por outro con actividades privadas.

En relación coas incompatibilidades con outros postos ou actividades públicas, a Lei establece a regra xeral de non compatibilidade do posto público con “ el desempeño, por si o mediante substitución, de un segundo puesto de trabajo, cargo o actividad en el sector público, salvo en los supuestos previstos en la misma ” (artículo 1.1); que o desenvolvemento de posto público “ será incompatible con el ejercicio de cualquier puesto, cargo o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometer su imparcialidad o independencia” (artículo 1.3) e que o desempeño de posto público “ es incompatible con la percepción de la pensión de jubilación o retiro por Derechos Pasivos o por cualquier régimen de Seguridad Social público y obligatorio ” (artigo 3.2).

A Lei establece o réxime de retribución única, dispoñendo que “no se podrá percibir, salvo en los supuestos previstos en la Ley, más de una remuneración con cargo a los Presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos o Empresas de ellas dependiente o con cargo a los de los órganos constitucionales, o que resulte de la aplicación de arancel, ni ejercer opción por percepciones correspondientes.” (artigo 1.2).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 44 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A referida Lei, contempla algunhas excepcións ao principio xeral de incompatibilidade dunha segunda actividade pública.

Así prevé que poderase autorizar a compatibilidade para o exercicio de aquelas actividades que, “por razóns de interés público, se determinen por el Consejo de Ministros, mediante Real Decreto, u órgano de goberno de la Comunidad Autónoma en el ámbito de sus competencias”, en cuxo caso, “ la actividad sólo podrá prestarse en régimen laboral, a tiempo parcial y con duración determinada, en las condiciones establecidas por la legislación laboral.” (artigo 3.1)

Unha de esas excepcións ven referida no artigo 4.1.“ Podrá autorizar la compatibilidad, cumplidas las restantes exigencias de esta Ley, para el desempeño de un puesto de trabajo en la esfera docente como Profesor universitario asociado en régimen de dedicación no superior a la de tiempo parcial y con duración determinada.”

O segundo apartado do referido artigo: “Al personal docente e investigador de la Universidad podrá autorizarse, cumplidas las restantes exigencias de esta Ley, la compatibilidad para el desempeño de un segundo puesto de trabajo en el sector público sanitario o de carácter exclusivamente investigador en centros de investigación del sector público..., siempre que los dos puestos vengan reglamentariamente autorizados como de prestación a tiempo parcial.

Recíprocamente, a quienes desempeñen uno de los definidos como segundo puesto en el párrafo anterior, podrá autorizarse la compatibilidad para desempeñar uno de los puestos docentes universitarios a que se hace referencia... ”

A autorización de compatibilidade esixe o cumprimento dos seguintes requisitos e límites:

- 1.- A autorización de compatibilidade para un segundo posto ou actividade do sector público, que, no ámbito da Administración Local, corresponde ao Pleno da Corporación Local a que figure adscrito o posto principal, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas. (artigo 9)
- 2.- Que non supoña modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e se condiciona ao estrito cumprimento en ambos. (artigo 3.1)
- 3.- Que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeneral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:
 - Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
 - Un 35 por 100, para os funcionarios do grupo B ou persoal de nivel equivalente.
 - Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.
 - Un 45 por 100, para os funcionarios do grupo D ou persoal equivalente.
 - Un 50 por 100, para os funcionarios do grupo E ou persoal equivalente.

A superación de estos límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso do Goberno, órgano competente das Comunidades Autónomas ou Pleno



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 45 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

das Corporacións Locais en base a razóns de especial interese para o servizo. (artigo 7).

A Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, establece no artigo 21: *“En el año 2022 las retribuciones de los ..., Directores Generales y asimilados quedan establecidas en las siguientes: cuantías de sueldo y complemento de destino, referidas a doce mensualidades, y complemento específico anual que se devengará de acuerdo con lo establecido en el artículo 26.Dos de la Ley 51/2007, de 26 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 2008.*

	Director General y asimilados (Euros)
Sueldo.	14.650,56
Complemento de destino.	15.429,24
Complemento específico.	26.693,46

Las pagas extraordinarias de los meses de junio y de diciembre incluirán, cada una de ellas, además de la cuantía del complemento de destino mensual que se perciba de acuerdo con lo dispuesto en el párrafo y cuadro anterior, el importe en concepto de sueldo que se recoge en el cuadro siguiente:

	Director General y asimilados(Euros)
Sueldo.	839,27

Por outra banda, o RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, norma de carácter básico ditada en cumprimento do mandato constitucional do artigo 103 da CE 1978, modifica na súa Disposición Final Terceira a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, o artigo 16 da referida Lei, indica:

“1.No podrá autorizarse o reconocerse compatibilidad al personal funcionario, al personal eventual y al personal laboral cuando las retribuciones complementarias que tengan derecho a percibir del apartado b del artículo 24 del presente Estatuto incluyan el factor de incompatibilidad al retribuido por arancel y al personal directivo, incluido el sujeto a la relación laboral de carácter especial de alta dirección.

2. A efectos de lo dispuesto en el presente artículo, la dedicación del profesorado universitario a tiempo completo tiene la consideración de especial dedicación. O apartado 3 e 4 contempla as excepcións:

3. Se exceptúan de la prohibición enunciada en el apartado 1 las autorizaciones de compatibilidad para ejercer como profesor universitario asociado en los términos del apartado 1 del artículo 4, así como para realizar las actividades de investigación o asesoramiento a que se refiere el artículo 6. de esta Ley, salvo para el personal docente universitario a tiempo completo.

4. Asimismo, por excepción, y sin perjuicio de las limitaciones establecidas en los artículos 1.3, 11, 12 y 13 de la presente Ley, podrá reconocerse compatibilidad



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 46 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

para el ejercicio de actividades privadas al personal que desempeñe puestos de trabajo que comporten la percepción de complementos específicos, o concepto equiparable, cuya cuantía no supere el 30% de su retribución básica, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad."

Pola súa banda o artigo 14 do RD 598/85, de 30 de abril, establece: *"En todos los puestos en que la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, o este Real Decreto se refieren a puestos de trabajo con jornada de tiempo parcial, se ha de entender por tal aquella que no supere las treinta horas semanales"*.

No presente caso e a vista dos datos aportados (dedicación a tempo parcial -150 horas anuais, 5 horas de clase e 5 horas de titorías á semana-; retribucións percibidas polo desenvolvemento do traballo na universidade -8.799,60 euros anuais-, certificado horario -que acredita a non modificación da xornada de traballo e horario- e prórroga do contrato -ata 31/08/2022-), queda acreditado que a autorización da compatibilidade do Sr. Paz Salgado non supoñería a conculcación dos límites porcentuais e das retribucións brutas anuais establecidas legalmente, cumprindo asemesmo a compatibilidade coa xornada e horario de traballo.

IV.- A competencia para o outorgamento o denegación da autorización da compatibilidade solicitada corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o artigo 9 da mencionada Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas."

De seguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo,

DITAME. A Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Administrativa e I+D, na súa sesión ordinaria do 23.03.22, ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Con vinte e cinco votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Partido Popular, señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 47 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“PRIMEIRO.- Estimar, en atención ao Informe proposta que antecede, a solicitude de autorización da compatibilidade ao funcionario interino X. Paz Salgado, enxeñeiro de camiños, canais e portos, adscrito á Área de servizos xerais, coa actividade de profesor asociado a tempo parcial P05 na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña, perdendo o seu efecto unha vez se modifiquen algunha das circunstancias actuais.

SEGUNDO.- A autorización non poderá conlevar diminución da xornada normal de traballo, nin afectar ao seu horario, nin superar as retribucións brutas anuais por ambos dous postos dos límites reseñados.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, xefatura do servizo administrativo e control orzamentario, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos a 1ª Tenente de Alcalde, a concelleira Sra. Silva Rego.

7.(51) DAR CONTA AO PLENO DOS INFORMES DEFINITIVOS DE CONTROL FINANCEIRO DAS ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO 2021. EXPTE. 102875/140 (EXPTE. PLENO 3328/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 25 de febreiro de 2022, o interventor municipal emite o seguinte informe,

“O funcionario que subscribe, na súa condición de Interventor xeral municipal do Concello de Vigo, en cumprimento do disposto no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en diante RDCI), elaborou o 21 de abril de 2021 o Plan anual de auditorías e control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2021, no que se recolleron as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o citado exercicio, sendo remitido a efectos informativos ao Pleno, que quedou enterado na sesión do 27 de outubro de 2021 conforme ao disposto no apartado 3º do citado precepto.

O artigo 35 do RDCI establece que o resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 48 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

De conformidade co disposto no artigo 36 do RDCI, os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financiera controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Polo tanto, en cumprimento do disposto no citado precepto remítense ao Presidente da Entidade Local os seguintes informes definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro e Auditorías correspondente ao ano 2021 para o seu coñecemento, e para coñecemento do Pleno:

1.- Informe definitivo de control financeiro das subvencións e axudas públicas realizado, mediante técnicas de mostraxe, respecto de beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras por razón das subvencións concedidas polo Concello de Vigo e pola Xerencia Municipal de Urbanismo durante o exercicio 2020.

Como consecuencia do traballo desenvolvido,ponse de manifesto que os beneficiarios cumpriron, con carácter xeral e fora das puntuais excepcións que se indican no antedito informe, coas obrigacións recollidas nas bases reguladoras das subvencións analizadas (trámite 3 do expediente).

Con todo, propónse o reintegro parcial da axuda recibida pola entidade Espazo Príncipe Persoal Fitness, por un importe de 1.562,50 euros máis os intereses de demora correspondentes, por incumprir coa base 2ª, apartado a.4.5), das bases reguladoras e convocatoria das axudas municipais á contratación 2020, que establece que a persoa contratada debe manterse durante un período de tempo non inferior a dous anos dende a data de transformación do contrato; así como o reintegro parcial da axuda recibida pola entidade Comunidade de Propietarios Bailén, 13 por un importe de 2.000,00 euros máis os intereses de demora correspondentes, por incumprimento das bases 13ª e 17ª das bases reguladoras para a concesión de axudas para a instalación de ascensores, mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios residenciais colectivos existentes para o período 2020-2021, ao non haber presentado certificado final de obra asinado por un técnico.

2.- Auditorías das contas anuais e auditoría de cumprimento do exercicio 2020 das seguintes Fundacións integrantes do Sector Público Local: Fundación Vigo Convention Bureau, e Fundación Vigo en Deporte.

Fundación Vigo en Deporte.

Excepto polos posibles efectos da cuestión descrita na sección “Fundamento da opinión con condicións” do informe de auditoría de contas que se achega no expediente (trámite 6), as contas anuais da entidade expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Fundación ao 31 de decembro de 2020, así como dos seus resultados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 49 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

correspondentes ao exercicio terminado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

No que atinxe ao cumprimento das normas, disposicións e directrices que son de aplicación á Fundación, e sen prexuízo das recomendacións de mellora que se conteñen no memorando que se achega no expediente (trámite 7) non se detectaron debilidades de cumprimento da legalidade por parte da Fundación.

Fundación Vigo Convention Bureau.

Excepto polos posibles efectos da cuestión descrita na sección “Fundamento da opinión con condicións” do informe de auditoría de contas que se achega no expediente (trámite 8), as contas anuais da entidade expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Fundación ao 31 de decembro de 2020, así como dos seus resultados correspondentes ao exercicio terminado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Sen prexuízo das recomendacións de mellora que se conteñen no memorando que se achega o expediente (trámite 9), non se detectaron debilidades de cumprimento da legalidade por parte da Fundación, polo que pode concluírse que os actos, operacións e procedementos de xestión desenvolvéronse de conformidade coas normas, disposicións e directrices que son de aplicación á Fundación.

3.- Informe definitivo de control financeiro realizado, mediante técnicas de mostraxe ou auditoría, sobre os dereitos e ingresos municipais liquidados no exercicio 2020.

O citado informe, realizado coa colaboración dunha firma privada de auditoría, atópase anexado como trámite número 10 do expediente.

4.- Informe definitivo de control financeiro posterior realizado sobre os contratos menores celebrados polo Concello de Vigo no ano 2020.

No informe definitivo ponse de manifesto que todos os expedientes da mostra seleccionada que foron examinados cumpren os límites cuantitativo e temporal, e conteñen os documentos de carácter obrigatorio establecidos para os contratos menores na normativa aplicable.

Con todo, esta Intervención realiza unha serie de recomendacións que se fan constar no apartado 8 do informe (trámite 11). Particularmente, en relación aos contratos menores sucesivos que se celebran para atender necesidades recorrentes, permanentes e previsibles da Administración, recoméndase planificar a contratación a efectos de adecuar os prazos de duración dos contratos á natureza das distintas prestacións, e así poder tramitar coa debida antelación algún dos procedementos de contratación alternativos ao contrato menor previstos na LCSP.

Polo tanto, en cumprimento do disposto no artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 50 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do Sector Público Local, remítese o expediente 102875-140 ao Alcalde-Presidente e á Secretaría Xeral do Pleno do Concello de Vigo para a súa inclusión na vindeira sesión ordinaria do Pleno que se celebre.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 23.03.2022, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado dos informe definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro 2021.

8.(52) DAR CONTA AO PLENO DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2021. EXPTE. 102882/140 (EXPTE. PLENO 3329/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 2 de marzo de 2022, o interventor municipal emite o seguinte informe,

“I. Introducción.

O órgano interventor deberá elaborar, con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O informe resumo será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterá os resultados máis significativos, a xuízo do órgano de control, que se deduzan de todas as actuacións de control realizadas durante o exercicio anterior, na propia entidade local e nas súas entidades dependentes, tanto derivados do exercicio da función interventora, como dos informes emitidos sobre as actuacións de control permanente e auditoría pública.

Como actuacións de control realizadas deben entenderse todas aquelas que desen lugar á emisión e remisión dun informe definitivo de control ao órgano controlado.

a) Normativa.

A normativa en base á cal se elabora o informe é a seguinte:

- Artigos 213 e 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, modificados pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 51 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (en diante RDCIEL).
- Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen, así como a solicitude do informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de información contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.

b) Réxime de control.

Os actos da entidade local e da Xerencia Municipal de Urbanismo atópanse sometidos ao réxime de control común, non resultando de aplicación o réxime de control interno simplificado que regula o título V do Real Decreto 424/2017, ao ser o Concello de Vigo un Municipio de Gran Poboación e atoparse incluído no ámbito de aplicación do modelo normal de contabilidade local.

Dentro deste réxime común, non se acordou para ningún tipo de expediente de gasto o réxime de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa, polo que resulta aplicable o réxime xeral de fiscalización e intervención previa.

Pola súa banda, a fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade Local e a dos seus organismos autónomos substituíuse polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro.

II. Alcance do informe resumo.

a) Actuacións de control realizadas no exercicio.

a.1) Función interventora.

Como dixemos, no Concello de Vigo o desenvolvemento da función interventora realízase mediante a fiscalización e intervención previa plena ou común para a totalidade dos expedientes de gasto. Isto supón que o órgano de control interno terá que comprobar, no exercicio da función interventora, non soamente aqueles extremos considerados transcendentales no proceso de xestión fixados no Acordo do Consello de Ministros, senón tamén verificar o cumprimento de todos aqueles requisitos legais que, sen ter tal consideración, sexan necesarios co fin de asegurar, segundo o procedemento legalmente establecido, que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Así, fronte ao réxime de fiscalización limitada previa, caracterizada polas notas de esencialidade, brevidade e axilidade, ao limitarse o control a determinados aspectos esenciais do acto sometido a exame, o réxime xeral de exercicio da función interventora resulta unha tarefa de especial complexidade pola necesidade de verificar a adecuación do acto a toda a súa normativa reguladora, acentuada, en ocasións, pola dispersión normativa existente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 52 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por este motivo, e co fin de avanzar na consolidación dun modelo de control máis áxil e eficaz, esta intervención elaborou unhas “GUÍAS DE FISCALIZACIÓN” que recollen aqueles extremos ou requisitos legais que se consideran de necesaria verificación pola intervención no exercicio da fiscalización e intervención previa común dos expedientes, para que o resultado da fiscalización sexa de conformidade.

Tendo en conta que para o exercicio da función interventora o órgano interventor recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos, e cando estea en disposición de que se dite acordo polo órgano competente (artigo 10 RDCI), considérase que estas “GUÍAS” resultarán de utilidade non soamente para os funcionarios da intervención xeral, senón que tamén facilitará a tarefa dos órganos xestores, que poderán coñecer de antemán aqueles extremos dos expedientes que tramiten que serán obxecto de fiscalización previa da intervención.

Así se elaboraron as seguintes GUÍAS, para cada unha das Áreas de control máis relevantes:

- Guía de fiscalización da Contratación.
- Guía de fiscalización dos Gastos de Persoal.
- Guía de fiscalización das Subvencións, Transferencias e Convenios de Colaboración.
- Guía de fiscalización da Xestión Patrimonial.

De acordo cos datos obtidos da aplicación informática de xestión de expedientes e da base de datos de contabilidade, durante o exercicio 2021 realizáronse pola Intervención Xeral Municipal un total de 48.576 actuacións de control no exercicio da función interventora, ben como fiscalización previa ben como intervención previa.

Fiscalización previa (fases A e D)

Do total de actuacións realizadas, 1.545 correspóndense con actuacións de fiscalización previa de actos polos que se autorizaron ou comprometeron gastos (fases A e D de execución do orzamento), e que se realizaron mediante a emisión de informes individuais por escrito para cada un dos expedientes.

Estas actuacións de fiscalización previa poden distribuírse do seguinte modo, tendo en conta as áreas de control máis relevantes:

Área de control	Descrición dos trámites	N.º actuacións de control		
		2021	2020	2019
Contratación	Aprobación expediente, Adxudicación, Modificación contratos, Revisión de prezos, Certificacións de obra, Anticipos por acopios	457	394	330
Subvencións e Convenios	Convocatorias en concorrencia competitiva, Subvencións directas, Subvencións nominativas, Convenios de colaboración	210	216	200



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 53 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recursos Humanos	Selección dos empregados públicos (convocatorias), Nomeamento de persoal funcionario de carreira ou interinos, Contratación de persoal laboral, Provisión dos postos de traballo (libre designación, concurso ordinario ou específico, comisión de servizos voluntaria, adscrición provisional), Recoñecemento de trienios, Gratificacións, horas extraordinarias e produtividade, Nóminas, Anticipos, Axudas de acción social, Prolongación na permanencia da situación de servizo activo	471	443	409
Facenda e Orzamentos	Aprobación do orzamento, modificacións orzamentarias, liquidación e conta xeral, modificación das ordenanzas	143	140	150
Patrimonio	Cesións, compra de bens, responsabilidade patrimonial	70	74	67
Garantías	Devolución de avais e outras garantías	121	101	170
Outros expedientes de gasto	Pagos de arrendamentos, cotas comunidades de propietarios, execución de sentenzas e outros	73	77	200
Número total de actuacións de control interno na modalidade de fiscalización previa		1.545	1.445	1.526

Outras actuacións: Intervención previa e outras

Ademais realizáronse as seguintes actuacións no exercicio da función interventora:

Fase o actuación	Descrición da actuación	N.º de actuacións de control		
		2021	2020	2019
Intervención previa da liquidación do gasto ou recoñecemento de obrigacións (fase O)	Comprobar, antes de que se dite a resolución, que as obrigacións se axustan á Lei ou aos negocios xurídicos suscritos polas autoridades competentes e que o acredor cumpriu ou garantiu, no seu caso, a súa correlativa prestación	14.994	14.416	9.248
Intervención formal da ordenación do pago	Verificar a correcta expedición das ordes de pago	15.000	14.420	12.010
Intervención material do pago	Verificar que o pago dispúxose polo órgano competente e realízase en favor do perceptor e polo importe establecido	14.087	14.149	9.884
Intervención da comprobación material da inversión	Verificar materialmente a efectiva realización das obras, servizos ou adquisicións financiadas con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato	25	22	52
Devolución de ingresos indebidos	Fiscalización dos actos de ordenación e pago material derivados de devolucións de ingresos indebidos	2.925	2.524	3.289
Número total de actuacións de control interno na modalidade de intervención previa		47.031	45.531	34.483

Estas actuacións realizáronse normalmente mediante unha dilixencia de fiscalización de conformidade asinada sen necesidade de motivación adicional.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 18/05/2022 13:38

Páxina 54 de 93

Expediente/Documento 3388-1101

CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

a.2) Control financeiro.

En cumprimento do disposto no artigo 31 do RDCIEL, o 21 de abril de 2021 elaborouse pola Intervención Xeral un Plan Anual de Control Financeiro (en diante, PACF 2021) recollendo as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio, dando conta ao Pleno na sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2021.

No PACF 2021 incluíronse, ademais das actuacións de control permanente cuxa realización polo órgano interventor deriva dun deber legal, tamén as seguintes actuacións seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos:

- Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría de determinados dereitos e ingresos municipais liquidados no exercicio 2020.
- Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría das subvencións e axudas públicas outorgadas polo Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2020 de conformidade co disposto nos artigos 44 a 51 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e 41 ao 49 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Control financeiro posterior dos contratos menores celebrados polo Concello de Vigo no ano 2020.

Conforme ao disposto no artigo 29.3 do RDCIEL, o órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais das fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica.

Aínda que ningunha das Fundacións que forma parte do Sector Público Local “Concello de Vigo” ten o deber de someter as súas contas anuais á auditoría externa conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 50/2002 de Fundacións, tendo en conta que resulta recomendable auditar periodicamente as contas anuais das fundacións como acto de control e transparencia, incluíuse no PACF 2021 a realización das auditorías das contas do ano 2020 e as auditorías de cumprimento da Fundación Vigo Convention Bureau e da Fundación Vigo en Deporte.

Xa que a Intervención Xeral Municipal non dispón dun Servizo propio ou Oficina de Control Financeiro, nin persoal destinado a esta modalidade de control, o Concello aprobou a contratación de firmas privadas de auditoría para colaborar nesta tarefa coa Intervención Xeral.

a.3) Medios.

Aínda que o RDCIEL contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría, que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor, resulta recomendable a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal tendo en conta o carácter permanente das funcións para desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

Neste sentido, o Consello de Contas de Galicia, no “Anteproxecto do Informe de Fiscalización Selectiva do Concello de Vigo. Exercicio 2018” pon de manifesto que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 55 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“o Concello non conta cunha suficiente estrutura de persoal para dar cobertura ás esixencias do RD 424/2017, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais en materia de control financeiro”, e que “existe unha praza de habilitación nacional que non está cuberta”, polo que recomenda “adaptar e dotar a estrutura do Órgano Interventor ás esixencias da normativa de control interno”.

Entende o funcionario que subscribe que a Intervención Xeral municipal non dispuxo no exercicio 2021 dos medios necesarios e suficientes para desenvolver o modelo de control eficaz ao que se refire o artigo 4 do Real Decreto 424/2017, xa que a estrutura de persoal atópase adaptada para a realización unicamente da tradicional función interventora nas súas modalidades de fiscalización previa e intervención previa.

Por este motivo non se realizaron no ano 2021 nin a auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas prevista no artigo 12.3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, nin a auditoría da conta 413 e a súa correlación co rexistro de facturas regulada na disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público. Tampouco se incluíron no PACF 2021 por este motivo outras actuacións de control financeiro, nin a realización de auditorías operativas ou doutra natureza.

Por outra banda, o artigo 20 do RDCIEL establece que o órgano interventor poderá estar asesorado cando sexa necesaria a posesión de coñecementos técnicos para realizar a comprobación material.

A este respecto é preciso indicar que o funcionario que subscribe asistiu persoalmente aos actos de comprobación material dos investimentos sen asesoramento, entendéndose por tanto limitada a miña responsabilidade aos aspectos e deficiencias que se puideron detectar atendendo á dilixencia media esixida aos profesionais da Administración que non requiren cualificación técnica nun sector específico obxecto do gasto para o desempeño das funcións asignadas ao seu posto de traballo. Por conseguinte pode considerarse que os medios persoais para o exercicio da función da intervención da comprobación material do investimento non foron suficientes.

III. Conclusións e recomendacións.

III.1.- Función interventora.

Durante o exercicio 2021 non se adoptaron resolucións ou acordos contrarios aos reparos formulados, nin existiron procedementos para a resolución de discrepancias entre as opinións do órgano interventor e as dos órganos de xestión.

Nos supostos nos que o órgano interventor observase defectos no expediente derivados do incumprimento de requisitos ou trámites considerados non esenciais, devanditos defectos foron corrixidos con anterioridade á aprobación do expediente.

Recoméndase: Continuar desenvolvendo a aplicación de xestión de expedientes, previa elaboración de guías de tramitación da totalidade dos expedientes co maior nivel de detalle posible a nivel de trámite e usuario autorizado, como instrumento imprescindible para garantir un modelo de control eficaz.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 56 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

III.2.- Control financeiro permanente: Actuacións atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor.

Como regra xeral, durante o exercicio 2021 realizáronse as actuacións de control financeiro cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obrigação legal. Como resultado das devanditas actuacións elaboráronse informes escritos co contido establecido no artigo 35 do RD 424/2017.

Con carácter xeral non se detectaron deficiencias que deban ser corrixidas mediante unha actuación correctora inmediata, sen prexuízo daquelas recomendacións puntuais realizadas sobre determinados aspectos que non resultan especialmente significativos pola súa escasa relevancia cualitativa ou cuantitativa.

En particular, informáronse favorablemente os expedientes para a aprobación do Orzamento do exercicio, as modificacións de créditos do exercicio, así como a aprobación da liquidación do Orzamento.

III.3.- Control financeiro permanente: Actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro.

Control financeiro de subvencións e axudas publicas concedidas polo Concello de Vigo e pola Xerencia Municipal de Urbanismo durante o exercicio 2020.

O informe de conclusións do traballo de colaboración coa Intervención Xeral municipal no control financeiro de subvencións e axudas publicas concedidas polo Concello de Vigo e pola Xerencia Municipal de Urbanismo durante o exercicio 2020 sinala como feitos susceptibles de mellora:

- Que, nalgunhas liñas de axudas, non se inclúe nas bases das convocatorias analizadas a obrigação do beneficiario de acreditar que os gastos realizados foron efectivamente pagos, mediante extracto bancario.

- Que para algunhas liñas de axudas as bases reguladoras inclúen extremos a cumprir polos beneficiarios sen indicar a estes como se deben acreditar.

Así mesmo, nos casos que se detectou algún importe susceptible de reintegro, propúxose ás áreas xestoras que inicien o procedemento de reintegro da cantidade percibida e os intereses de demora que correspondan.

Recoméndase: Que as bases das convocatorias das subvencións inclúan a obrigação do beneficiario de acreditar o pago efectivo dos gastos subvencionables, salvo para supostos excepcionais debidamente xustificadas.

Control financeiro posterior realizado sobre os contratos menores celebrados polo Concello de Vigo no ano 2020.

No informe definitivo ponse de manifesto que todos os expedientes da mostra seleccionada que foron examinados cumpren os límites cuantitativo e temporal, e conteñen os documentos de carácter obrigatorio establecidos para os contratos menores na normativa aplicable.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 57 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recoméndase:

Recomendación 1.- En relación aos contratos menores sucesivos que se celebran para atender necesidades recorrentes, permanentes e previsibles da Administración, recoméndase planificar a contratación a efectos de adecuar os prazos de duración dos contratos á natureza das distintas prestacións (art. 28.1 LCSP), e así poder tramitar coa debida antelación algún dos procedementos de contratación alternativos ao contrato menor previstos na LCSP, tales como: Procedemento aberto simplificado ou simplificado de tramitación abreviada, acordos marco, sistemas dinámicos de contratación, centrais de compras ou contratos de subministracións ou servizos de forma sucesiva por prezos unitarios.

Recomendación 2.- Nos contratos menores de obras, recoméndase que os servizos xestores xustifiquen expresamente na documentación preparatoria do contrato (memoria xustificativa) a necesidade ou non de elaborar e aprobar o correspondente proxecto, cando sexa preceptivo conforme ás disposicións vixentes, así como pronunciamento expreso de se o traballo afecta ou non á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, para os efectos de solicitar o informe das oficinas ou unidades de supervisión.

Control financeiro realizado, mediante técnicas de mostraxe ou auditoría, sobre os dereitos e ingresos municipais liquidados no exercicio 2020.

Como resultado dos traballos realizados pola sociedade GB AUDITORES, adxudataria do contrato para a realización dos servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría dos dereitos e ingresos municipais liquidados no exercicio 2020, pode afirmarse que, con carácter xeral, os ingresos integrantes da mostra seleccionada cumpriron cos procedementos de verificación realizados.

Con todo, no caso dos ingresos por concesións administrativas, non se puido verificar a corrección das liquidacións aprobadas polo Concello ao non ter acceso á totalidade da documentación integrante dos expedientes, o que constituíu unha limitación ao alcance da actuación de control, e noutros supostos (IIVTNU, Taxa ocupación DPL, ICIO) non se puido verificar a razoabilidade da base impositiva empregada para a determinación da cota tributaria ao non dispoñer da información suficiente ou suficientemente desagregada.

III.4.- Auditoría pública.

A sociedade de auditoría BM Auditores (en diante, o auditor) en virtude do contrato suscrito co Concello de Vigo, efectuou o traballo de auditoría das contas anuais e auditoría de cumprimento da Fundación Vigo Convention Bureau e da Fundación Vigo en Deporte.

Fundación Vigo Convention Bureau.

Con respecto á auditoría das contas anuais da Fundación Vigo Convention Bureau, o auditor emitiu informe de auditoría con “Opinión favorable con condicións”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 58 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Resumidamente, el fundamento de la opinión con condicións débese aos seguintes factores:

- Que non se dispuxo de documentación soporte que se corresponda co importe dos elementos de inmovilizado material rexistrado no epígrafe “III. Inmovilizado material” do activo do balance de situación por importe de 17.481,37 euros, polo que non se puideron pronunciar sobre o custo de adquisición, a razoabilidade da amortización acumulada nin o efecto na dotación á amortización do exercicio 2020.
- Que non se dispuxo de documentación soporte que permita verificar a razoabilidade dos saldos acredores con patróns e outros por un importe total de 991,95 euros, clasificados no epígrafe “Débedas a curto prazo” do Pasivo Corrente do balance.
- Que as subvencións recibidas para financiar gastos específicos impútanse na súa totalidade como ingreso do exercicio e non en función dos gastos financiados, polo que a 31 de decembro de 2020 o epígrafe débedas a curto prazo do balance e o resultado do exercicio atópanse infravalorado e sobrevalorado, respectivamente, en 93.834 euros.
- Que a memoria das contas anuais do exercicio 2020 non inclúe o contido mínimo establecido mínimo na normativa contable de aplicación, contén incorreccións numéricas e non recolle información que afecta á imaxe fiel e a estimación das incertezas e xuízos relevantes na aplicación de políticas contables referente ás medidas establecidas no RDL 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

Fundación Vigo en Deporte (VIDE).

Con respecto á auditoría das contas anuais da Fundación Vigo en Deporte, o auditor emitiu informe de auditoría con “Opinión favorable con condicións”.

Resumidamente, o fundamento da opinión con condicións débese aos seguintes factores:

- Que a memoria das contas anuais do exercicio 2020 non recolle información que afecta á imaxe fiel e aos aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza referentes ás medidas establecidas no RDL 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.
- Que a memoria contén incorreccións numéricas e non informa sobre as instalacións emprazadas no edificio do pavillón Central das Travesas, na rúa Cesáreo González, s/n, propiedade do Concello de Vigo, nas cales a Fundación desenvolve a súa actividade.

Recoméndase: Que as Fundacións auditadas corrixan os defectos observados nos informes de auditoría de contas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 59 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Dadas as limitacións para o exercicio de auditorías derivadas da falta de persoal e consecuente necesidade de contratar a firmas privadas, recoméndase a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal tendo en conta o carácter permanente das funcións para desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

IV. Deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.

Mais alá das recomendacións realizadas, non se sinalaron deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.

V. Valoración do plan de acción formalizado polo Presidente da Corporación como consecuencia das deficiencias sinaladas no anterior informe.

Non procede xa que como consecuencia do anterior informe non resultou necesario elaborar un plan de acción.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 23.03.2022, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do resumo dos resultados do control interno do exercicio 2021.

9.(53) DAR CONTA AO PLENO DA MEMORIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO ANO 2021. EXPTE. 5499/550 (EXPTE. PLENO 3331/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 4 de marzo de 2022, o Presidente do Tribunal Económico Administrativo da conta da seguinte memoria,

“Cumprimentando o disposto na Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo plenario de 14 de xuño de 2004, elabórase a presente Memoria correspondente ó ano 2021, en base ós datos que obran no arquivo do Tribunal, da que se da conta ó Pleno da Corporación.

Por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 60 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 e ante a declaración do estado de alarma polo goberno da nación.

O Decreto, de 15 de marzo de 2020, da Excma. Alcaldía, de adopción de medidas extraordinarias destinadas á redución da actividade presencial no Concello de Vigo, resolveu, no seu punto primeiro: “Ordenar que todo o persoal municipal cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial”.

Polo anterior, o persoal que compón o Tribunal realizou seu traballo durante o confinamento domiciliario dende os seus respectivos domicilios, na modalidade de teletraballo. E a partir do 22 de xullo de 2020, parte do persoal realiza as súas funcións mediante o sistema mixto de teletraballo e presencial; mentras que outra parte o fai de forma presencial, e permanecendo esta modalidade de traballo na actualidade.

Despois de 17 anos de funcionamento, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo tense consolidado como un órgano técnico e independente na garantía dos dereitos dos cidadáns de Vigo, na súa condición de contribuíntes, coa resolución das reclamacións económico-administrativas interpostas, en relación ós tributos e outros ingresos de dereito público que nutren a facenda municipal.

Ademáis, o Tribunal seguíu exercendo funcións de colaboración e asesoramento ós distintos órganos de xestión do Concello en relación coas normas e procedementos de xestión, recadación e inspección dos ingresos municipais de dereito público. Todo isto tense traducido nunha mellora da actividade municipal e nunha diminución da conflictividade fiscal.

No ano 2021 segue a consolidación e o coñecemento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, tanto por parte das persoas físicas, como por parte das persoas xurídicas.

As reclamacións presentadas teñen unha mellor e individualizada fundamentación xurídica, tendo diminuído as presentadas baixo un mesmo modelo ou tipo sen ter en conta as peculiaridades de cada unha. Tamén apréciase non só un aumento dos motivos de impugnación, tanto de dereito substantivo (suxeito pasivo, contribuínte, responsabilidade solidaria e subsidiaria, exencións, bonificacións, etc.), como de dereito procedimental (carencia ou notificacións defectuosas, caducidade, prescrición, etc.), senón tamén que a maioría das reclamacións presentadas baséanse en varios motivos.

No exercicio 2021, celebráronse 22 sesións do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo; nas que tratáronse un total de 187 asuntos. Estes datos reflicten unha continuidade e normalidade da actividade do Tribunal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 61 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A xurisprudencia constitucional relativa á Plus Valía Municipal cobrou nos anos 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021 unha gran importancia na actividade dos órganos tributarios municipais, xunto coas modificacións referentes a notificacións e á Administración Electrónica en xeral que supuxeron, xa dende o ano 2016, unha ardua laboura de adaptación dos procedementos do Tribunal Económico-Administrativo (que, lembremos, funciona có seu rexistro propio).

Ó longo do exercicio 2021 tiveron lugar as sesións que se citan no seguinte cadro; que reflicte o número da Sesión, a súa data e o número de asuntos tratados en cada unha delas.

Sesión	Data da reunión	Asuntos
2021/01	vinte de xaneiro de dous mil vinteún	14
2021/02	tres de febreiro de dous mil vinteún	12
2021/03	catro de febreiro de dous mil vinteún	1
2021/04	quinze de febreiro de dous mil vinteún	12
2021/05	once de febreiro de dous mil vinteún	1
2021/06	quinze de marzo de dous mil vinteún	1
2021/07	vinteún de abril de dous mil vinteún	11
2021/08	vinteoito de abril de dous mil vinteún	8
2021/09	sete de maio de dous mil vinteún	11
2021/10	catorce de maio de dous mil vinteún	12
2021/11	vinteséis de maio de dous mil vinteún	8
2021/12	trece de agosto de dous mil vinteún	3
2021/13	vinte de agosto de dous mil vinteún	13
2021/14	dous de setembro de dous mil vinteún	3
2021/15	vinteseite de setembro de dous mil vinteún	14
2021/16	trinta de setembro de dous mil vinteún	15
2021/17	oito de outubro de dous mil vinteún	11
2021/18	quinze de outubro de dous mil vinteún	15
2021/19	vintedós de outubro de dous mil vinteún	10
2021/20	trinta de novembro de dous mil vinteún	1
2021/21	dezaséis de decembro de dous mil vinteún	10
2021/22	vinteún de decembro de dous mil vinteún	1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 62 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TOTAL	187
--------------	------------

Reclamacións económico-administrativas	
Pendientes 1/1/2021	195
Interpostas 2021	182
Resoltas 2021	176
Outra finalización 2021	34
Pendientes 31/12/2021	167

Tramitación por órganos	
Sala	29
<i>Informes</i>	3
<i>Dictames</i>	8
<i>Reclamacións</i>	17
Estimadas	3
Desestimadas	12
Inadmitidas	1
Satisfacción extraprocesal e outras	1
<i>Outros</i>	1
Organos unipersoais	159
<i>Reclamacións e recursos</i>	159
Estimadas	15
Desestimadas	128
Inadmitidas	16
Outros	
Total	188

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 23.03.2022, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Memoria do Tribunal Económico-Administrativo correspondente ó exercicio 2021.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 63 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.(54) DAR CONTA AO PLENO DO MARCO ORZAMENTARIO 2023-2025. EXPTE. 215/143 (EXPTE. PLENO 3342/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 11 de marzo de 2022, que a continuación se transcribe,

“O artigo 6 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificado polo artigo Único. 2 da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

O perímetro que conforma o grupo de Consolidación establecido polo MINHAFP para o Concello de Vigo, está delimitado polas seguintes institucións:

Entidade Local
Xerencia Municipal de Urbanismo
Fundación: MARCO
Fundación: C.BUREAU

O Marco orzamentario está previsto para o período 2023-2025, sendo a base de partida a Liquidación do Orzamento consolidado do ano 2021 e a previsión da liquidación do ano 2022.

Sobre a precitada base, tendo en conta as variacións tendenciais e os convenios vixentes sobre a variabilidade do orzamento, que foron estudadas e coordinadas pola Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, polo Director Superior Contable e Orzamentario e pola Intervención Xeral, formouse o Marco orzamentario previsto para o devandito período, con fundamento nas variacións tendenciais contidas no informe asinado polos responsables que non son obxecto de reprodución. No entanto, quedan reflectidos nas táboas dos marcos orzamentarios que forman parte desta Resolución que será incorporada aos modelos de remisión telemática que están na páxina web do MINHAFP e que terán que ser remitidos antes do día 15/03/2022.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación. Neste caso, é un documento marco, sobre o que se aprobará, se é o caso, o Orzamento do ano 2023 e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 64 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seguintes, seguindo os trámites e competencias previstos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei de Bases de Réxime Local.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o Marco Orzamentario de Medio prazo do Grupo consolidado Concello de Vigo, conformado por: Entidade Local, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións sectorizadas: MARCO e CONVENTION BUREAU, para o período 2023-2025 que servirá de base para a elaboración dos Orzamentos futuros cuxos datos figuran detallados no informe técnico, que en síntese son os seguintes:

LIQUIDACIÓN DO ESTADO CONSOLIDADO DE GASTOS PREVISTA DO ANO 2022 E MARCO ORZAMENTARIO 2023-2025.

Non se incorpora o detalle por cada ente do perímetro de consolidación, por estar este reflectido nos documentos e informe que figuran no expediente.

CONSOLIDADO DE GASTOS

Capítulo	2022		%	Estimado Obl.Recoñecidas	2023	2024	2025
	Créd. iniciais	Créd. definitivos			Créd. iniciais	Créd. iniciais	Créd. iniciais
1	78.604.573,92	79.275.452,19		71.684.890,58	80.176.665,40	80.978.432,05	81.383.324,19
2	138.285.426,25	145.271.136,71		133.586.006,93	140.347.666,44	141.051.606,81	141.757.136,94
3	32.031,00	32.031,00		20.281,00	32.030,00	32.030,00	32.030,00
4	26.418.928,69	26.481.459,44	95,00%	25.157.386,47	26.418.928,69	26.418.928,69	26.418.928,69
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	,00	600.000,00	600.000,00	600.000,00
Gasto Corrente NF	243.940.959,86	251.660.079,34		230.448.564,98	247.575.290,53	249.080.997,56	250.191.419,83
6	40.741.352,32	115.203.562,92		68.623.800,89	23.753.765,58	25.418.634,93	26.419.505,37
7	841.444,00	6.495.698,20		1.971.477,37	825.000,00	825.000,00	825.000,00
Gasto capital NF	41.582.796,32	121.699.261,12		70.595.278,26	24.578.765,58	26.243.634,93	27.244.505,37
Gasto Non Finan	285.523.756,18	373.359.340,46		301.043.843,24	272.154.056,11	275.324.632,49	277.435.925,20
8	532.000,00	532.000,00		395.800,00	532.000,00	532.000,00	532.000,00
Total	286.055.756,18	373.891.340,46		301.439.643,24	272.686.056,11	275.856.632,49	277.967.925,20

CONSOLIDADO DE INGRESOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 65 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Capítulo	2022			2023		2024	2025
	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	Estim ado Der. Rcoñecidos	Créd. iniciais	Créd. iniciais	Créd. iniciais
1	113.120.306,00	113.120.306,00	100,00%	115.948.313,65	114.251.509,06	115.394.024,15	115.970.994,27
2	10.362.766,18	10.362.766,18	100,00%	11.917.181,11	10.880.904,49	11.424.949,71	11.996.197,20
3	41.887.457,85	41.898.673,48	105,00%	44.694.458,96	42.306.332,43	42.729.395,74	43.156.689,70
4	93.719.998,57	93.719.998,57	98,00%	97.864.208,26	96.827.399,78	97.860.223,42	98.381.799,37
5	2.785.059,76	2.785.059,76	100,00%	2.645.856,77	2.812.910,36	2.841.039,46	2.855.244,66
Ingr. Corrente NF	261.875.588,36	261.886.803,99	104,27%	273.070.018,75	267.079.056,11	270.249.632,49	272.360.925,20
6	,00	,00		,00	0,00	0,00	0,00
7	22.798.167,82	23.648.167,82	80,00%	20.409.358,94	5.075.000,00	5.075.000,00	5.075.000,00
Ingreso capital NF	22.798.167,82	23.648.167,82	86,30%	20.409.358,94	5.075.000,00	5.075.000,00	5.075.000,00
Total Ingreso NF	284.673.756,18	285.534.971,81	102,78%	293.479.377,69	272.154.056,11	275.324.632,49	277.435.925,20
8	532.000,00	87.050.262,60	75,00%	395.800,00	532.000,00	532.000,00	532.000,00
Total	285.205.756,18	372.585.234,41	78,87%	293.875.177,69	272.686.056,11	275.856.632,49	277.967.925,20

AXUSTES DE CONSOLIDACIÓN

Axustes de Consolidación	
XMU	5.829.965,00
MARCO	675.000,00
CB	200.000,00

AXUSTES DE RECADACIÓN

Axustes DRN por Recadación		Outros
1	-105.170,58	
2	-60.951,15	
3	-4.831.838,71	
	-4.997.960,44	
Liquidación 2008-2009		221.170,59
Axustes PTE		947.025,86
Total axustes		-3.829.763,99

Desagregación por impostos segundo requirimento, capítulos 1 e 2, coa cesión de tributos (IRPF, IVE e II.EE) aparte, así como no capítulo 4, separación do FCC do resto das transferencias e subvencións.

Concepto	Inicial	2022	2023	2024	2025
IBI	71.216.000,00	73.496.400,00	71.928.160,00	72.647.441,60	73.010.678,81
IAE	12.531.000,00	12.844.275,00	12.656.310,00	12.972.717,75	13.037.581,34
IVTM	14.900.000,00	15.272.500,00	15.049.000,00	15.425.225,00	15.502.351,13
IIVTNU	7.400.000,00	7.747.469,36	7.474.000,00	7.824.944,05	7.864.068,77
ICIO	2.501.000,00	3.176.150,00	2.751.100,00	2.833.633,00	3.003.650,98
irpf +ive+iiee	14.935.072,18	15.328.700,40	15.273.843,55	15.279.106,51	15.713.774,97
FCF	79.349.842,35	82.659.035,52	83.485.625,88	83.903.054,00	84.322.569,27

CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO E DÉBEDA VIVA (Grupo consolidado)



Cálculo da Estabilidade CONSOLIDADA									
	Dere.Axustados	Obrigas	Spe r ávit/dé ficit	Dere.Axustados	Obrigas	Der.Axustados	Obrigas	D.Axustados	Obrigas
	115.843.143,07	71.684.890,58		114.251.509,06	80.176.665,40	115.394.024,15	80.978.432,05	115.970.994,27	81.383.324,19
	11.856.229,96	133.586.006,93		10.880.904,49	140.347.666,44	11.424.949,71	141.051.606,81	11.996.197,20	141.757.136,94
	39.862.620,25	20.281,00		42.306.332,43	32.030,00	42.729.395,74	32.030,00	43.156.689,70	32.030,00
	97.864.208,26	25.157.386,47		96.827.399,78	26.418.928,69	97.860.223,42	26.418.928,69	98.381.799,37	26.418.928,69
	2.645.856,77	0,00		2.812.910,36	600.000,00	2.841.039,46	600.000,00	2.855.244,66	600.000,00
Op.correntes N.F	268.072.058,31	230.448.564,98		267.079.056,11	247.575.290,53	270.249.632,49	249.080.997,56	272.360.925,20	250.191.419,83
	0,00	68.623.800,89		0,00	23.753.765,58	,00	25.418.634,93	,00	26.419.505,37
	20.409.358,94	1.971.477,37		5.075.000,00	825.000,00	5.075.000,00	825.000,00	5.075.000,00	825.000,00
Op. Capital N.F	20.409.358,94	70.595.278,26		5.075.000,00	24.578.765,58	5.075.000,00	26.243.634,93	5.075.000,00	27.244.505,37
Op. N.financieiras	288.481.417,25	301.043.843,24	-12.562.425,99	272.154.056,11	272.154.056,11	275.324.632,49	275.324.632,49	277.435.925,20	277.435.925,20
	Axuste CN, liquidación 2008-2009		221.170,59	0,00	0,00	,00	,00	,00	,00
	Axuste CN, PTE		947.025,86	0,00	0,00	,00	,00	,00	,00
Necesidade de financiamento			-11.394.229,54		0,00		,00		,00

SEGUNDO. Remitir os datos relativos ao devandito Marco Orzamentario do Grupo Concello de Vigo conformado pola Entidade, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto (oficina virtual).

TERCEIRO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión na oficina virtual.

CUARTO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación aos efectos do previsto no artigo 123.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 23.03.2022, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcaldía polo que se aproba o perímetro de consolidación e os marcos orzamentarios para o período 2023-2025.

11.(55) APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA, Nº 12/2022, DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA. EXPEDIENTE 74/142 (EXPTE. PLENO 3353/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 18 de marzo de 2022, o concelleiro de Orzamentos e Facenda emite a seguinte proposta,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 67 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 8 de febreiro de 2022, coa proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, previa emisión de todos os informes preceptivos, aprobou a modificación orzamentaria nº 12/2022.

A Comisión de Orzamentos e Facenda en sesión do 18 de febreiro de 2022, ditaminou favorablemente a proposta formulada.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro 2022, aprobou inicialmente a modificación orzamentaria nº 12/2022, tramitada no expediente

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención - Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 38 do día 24 de febreiro, comezando a súa exposición o día 25, e rematando o prazo da mesma o 17 de marzo de 2022.

No citado período, e consonte á certificación e dilixencia que se adxunta e incorporada ao expediente electrónico, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, dúas alegacións que forma parte da documentación que conforma o expediente 74/142.

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (en diante, RP), regula o réxime de reclamacións ao Proxecto de Orzamentos das entidades locais. No apartado primeiro dos artigos 171 do TRLRFL e 22 do RP, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No informe que figura no expediente, enuméranse as principais limitacións tanto en relación cos suxeitos exitimados como as causas obxecto de alegación.

Tendo en conta o informe na que se propón a INADMISIÓN das alegacións por non axustarse ao contido do previsto no artigo 170.2 do TRLRFL, propónse ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ...”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 68 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De seguido o concelleiro informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo,

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.03.22, rexeita as emendas e ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN. Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- INADMITIR as alegacións presentadas por D. Antonio Collazo Collazo, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal de Teis, co nº de rexistro do documento 220053811 e por Dona Margarita Lorenzo González, como habitante do Municipio de Vigo, co número de rexistro do documento 220055211, por non estar nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación orzamentaria no 12/2022, correspondente ao expediente 74/142, cuxa relación de empregos figura no anexo.

TERCEIRO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

CUARTO.- Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento até as 24 horas do día 17 de marzo, foron avaliadas e resoltas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

QUINTO.- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, a modificación orzamentaria definitivamente aprobada, será inserida no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nos termos e formato que establece o devandito precepto.

Anexo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 69 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Xestor	Pro.	Partida	Proxecto	Emprego	Importe 22	Necesidade 22
FOMENTO	1532	2100060		Asfaltado Rúa Marin , liquidación	,00	18.930,00
FOMENTO	1532	2270660		Redacción proxectos novas humanizacións	,00	25.530,00
FOMENTO	1532	6190009	18153209	Vial Garrida-Beade, Suplemento	1.157.671,90	370.000,00
FOMENTO	1532	6190004	18153204	Liquidación Ronda de Bosco	,00	25.000,00
FOMENTO	1532	6190014	20153214	Liquidación obras S. Avendaño entre Areal e R.Castro, suplemento	244.064,83	122.000,00
FOMENTO	1532	6090058	20153258	Cubrición e protección Tranvía Castelao	,00	177.770,00
FOMENTO	1532	6190060	20153260	Human. Rúa Tercio de Afora	,00	299.020,00
FOMENTO	1532	6190061	20153261	Human. G.Barbón (Ros.Castro-I.Peral)	,00	414.640,00
FOMENTO	1532	6090062	20153262	Suministro e colocación de biondas para motos	,00	71.700,00
FOMENTO	1532	6090063	20153263	Acceso peonil S. Avendaño V. Norte (HALO), Suplemento	8.990.000,00	5.000.000,00
FOMENTO	1532	6190064	20153264	Human. Rúa Troncoso , liquidación	,00	66.150,00
FOMENTO	1532	6190065	20153265	2ª Fase Integración Urbana Vía Verde	,00	1.945.150,00
FOMENTO	1532	6190094	20153294	Obras de mellora túnel de Beiramar	,00	1.392.380,00
FOMENTO	1532	6190067	20153267	Beirarrúa no camiño do Laranxo , liquidación	,00	49.800,00
FOMENTO	1532	6190068	20153268	Seguridade e pavimento.C.Campo Amor	,00	463.000,00
FOMENTO	1532	6190070	20153270	Human. Camiño da Brea	,00	156.520,00
FOMENTO	1532	6190071	20153271	Human. Rúa Costa da Gándara	,00	137.100,00
FOMENTO	1532	6190073	20153273	Human. Praza da Feira	,00	70.470,00
FOMENTO	1532	6190074	20153274	Human. Rúa dos Fontáns	,00	53.930,00
FOMENTO	1532	6190075	20153275	Human. Rúa dos Curros , liquidación	,00	64.480,00
FOMENTO	1532	6190076	20153276	Human. Rúa Subride , liquidación	,00	13.200,00
FOMENTO	1532	6190078	20153278	Human. Rúa dos Foxos , liquidación	,00	3.910,00
FOMENTO	1532	6190079	20153279	Human. Rúa Rosal Florido , liquidación	,00	5.500,00
FOMENTO	1532	6190080	20153280	Human. Rúa do Areiro , liquidación	,00	18.150,00
FOMENTO	1532	6190083	20153283	Hum. P.Saavedra, Fase 2, Trv.Foxos-E. Lorenzo	,00	186.750,00
FOMENTO	1532	6190084	20153284	Humnización Rúa Rosal	,00	153.440,00
FOMENTO	1532	6190085	20153285	Human. Rúa G. Espino, 4ª Fase	,00	1.339.390,00
FOMENTO	1532	6190086	20153286	Human. Rúa Aragón, 6ª Fase	,00	568.490,00
FOMENTO	1532	6190087	20153287	Human. Rúa Valladolid	,00	344.130,00
FOMENTO	1532	6190088	20153288	Human. Julián Minguillón e Vista Alegre , liquidación	,00	16.930,00
FOMENTO	1532	6190089	20153289	Humanización Rúa Colombia, 2ª Fase	,00	565.440,00
FOMENTO	1532	6190092	20153292	Mellora drenaxe entorno E.Vella, Rúa Paz Pardo	,00	302.770,00
FOMENTO	1532	6190093	20153293	Humanización Rúa Romil	,00	1.255.000,00
FOMENTO	1539	6190003	17153903	Soterramento tráfico P.do Sol,modificado e liquidación, suplemento	5.469.328,52	3.800.000,00
FOMENTO	1539	6190060	20153960	Peatonalización Praza Elíptica	,00	2.281.020,00
FOMENTO	1539	6190061	20153961	V.Vertical, Esc. Mecánica Rúa Talude	,00	643.450,00
FOMENTO	1539	6190062	20153962	V.Vertical, Esc. Mecánica ao C. Saude de Teis	,00	1.320.000,00
FOMENTO	1539	6090063	20153963	Vigo Vertical, Ascensor Urzaiz Vialia	,00	453.190,00
FOMENTO	1539	6090068	22153968	Accesibilidade Romil fronte a F. Rolán e Hispanidade	,00	1.450.000,00
FOMENTO	1539	6090065	22153965	Accesibilidade Rampas Escultor Gregorio	,00	2.030.293,04
FOMENTO	1539	6090067	22153967	Accesibilidade colexio Losada a Ramón Nieto	,00	1.200.000,00
FOMENTO	1539	6090066	22153966	Accesibilidade Ramón Nieto a Fonte Oscura	,00	1.250.000,00
FOMENTO	1539	6090064	20153964	Vigo Vertical, accesibilidade T. de Vigo _Aragón	,00	900.000,00
ELECTROMECC.	1650	6190060	20165060	Iluminación Parque Castrelos, liquidación	,00	23.660,00
ELECTROMECC.	1650	6190061	20165061	Plan de eficiencia enerxética	,00	2.551.133,15
XARDINS	1710	6190060	20171060	Mellora Praza de Miñoa	,00	1.212.030,00
XARDINS	1710	6190061	20171061	Acondicionamento Torreiro Valadares	,00	243.380,00
EDUCACION	3230	6320006	22323006	Investimentos en novas EIM, IME, suplemento	30.000,00	630.000,00
EDUCACIÓN	3230	6220060	20323060	Investimentos en cubertas de colexios Villalaura-Frian	,00	682.360,00
EDUCACIÓN	3230	2270001		Desinfeccións extraordinarias en colexios e EIM, suplemento	300.000,00	200.000,00
EDUCACIÓN	3230	2279906		Novo contrato EIM Casco Vello, suplemento	186.900,00	55.000,00
EDUCACION	3260	2279917		Programa educativo aulas internacionais contrato 2022, suplemento	2.220.000,00	888.000,00
EDUCACION	3260	2279917	Remanent	Programa educativo aulas internacionais,contrato 2020 suplemento	1.704.465,00	340.000,00
FESTAS	3380	2260906		Programa de festas de veran , suplemento	2.500.000,00	1.500.000,00
DEPORTES	3410	2279901		Patrocinio padel tour, suplemento	55.000,00	105.000,00
DEPORTES	3420	6230015	22342015	Deshumectadores, Eq. prod.E. Térmica, Bomba calor, condut. Luminarias, Compl.Travesas	,00	600.000,00
DEPORTES	3420	6230016	22342016	Sistema de control humedade pabillón baixo a Grada de Río	,00	250.000,00
DEPORTES	3420	6320020	22342020	Sustitución cuberta campo de fútbol de Bouzas	,00	75.000,00
DEPORTES	3420	6320061	20342061	Mellora Césped e iluminación C.Fútbol Bao , liquidación	,00	49.750,00
DEPORTES	3420	6320062	20342062	Mellora campo de fútbol Sta. Mariña	,00	519.910,00
TRANSPORTE	4410	2270600		Estudio de medios, líneas-frecuencias e modelo de prestación do TUC	,00	400.000,00
PATRIMONIO	9330	6320060	20933060	Mellora do edificio P. Central Sta.Cristina	,00	483.730,00
PATRIMONIO	9330	6320061	20933061	Reforma antiga Edar para auditorio	,00	925.000,00
PATRIMONIO	9330	6320002	19933002	Liquidación obras na Área de Tributos	,00	23.000,00
PATRIMONIO	9330	6320010	14933010	Modificado proxecto de grada de Marcador de Balaidos, suplemento	10.656.118,52	2.100.000,00
PATRIMONIO	9330	6320062	20933062	Acondicionamento Antiguo ambulatorio Teis para Biblioteca	,00	930.000,00
Total					33.513.548,77	45.811.576,19

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 18/05/2022 13:38

Páxina 70 de 93

Expediente/Documento 3388-1101

CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

12(56). APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 3/2022 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO (CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA VARIOS INVESTIMENTOS). EXPTE. 14306/407 (EXPTE. PLENO 3354/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 15 de febreiro de 2022, o xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo co conforme da vicepresidenta da mesma, emiten a seguinte proposta,

“Vista a resolución da Vicepresidente de Urbanismo, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítase o seguinte informe:

1º) Os gastos que se pretende incluír no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da Entidade, por ser urxentes e de necesaria realización. No informe da unidade xestora do gasto e na memoria-incoación deste expediente exprésase o carácter específico e determinado do gasto.

2º) Dado o carácter inaprazable destes gastos e, ao mesmo tempo, necesario que sexan executados en este exercicio, sen que deba ter incidencia nos sucesivos exercicios.

3º) O importe de 2.885.000,00 euros destínase as seguintes partidas:

Partida	Concepto		
Créd.inicial	Alta		
1510.6090000	Investimentos no corredor do Lagares	0,00 €	985.000,00 €
1510.6000200	Expropiacións Panificadora e Praza da Igrexa	0,00 €	
		1.500.000,00 €	
1510.6000004	Obras de urbanizacións e investimentos urb.	0,00 €	
		250.000,00 €	
1510.2270608	Proxectos asociados a urbanizacións e investimentos urbanísticos		0,00 €
€		150.000,00 €	

4º) A presente modificación supón un crédito extraordinario de 2.885.000,00 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do Orzamento.

5º) O financiamento desta modificación realizarase mediante o remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao artigo 177.4 do citado TRLFFLL. O remanente líquido de tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2021, segundo a Liquidación dese exercicio, era de 7.211.492,17 euros (resolución do Alcalde-Presidente de 03.02.2022, anexada ó expediente 14231/407). Tense en conta tamén a suspensión polo Goberno de España da aplicación das regras fiscais e de gasto recollidas na Lei de Estabilidade Orzamentaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 71 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En consecuencia, propónse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a proposta de adopción polo Pleno do seguinte acordo...”

De seguido o xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo,

En data 22 de febreiro, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente dita proposta.

A Xunta de Goberno Local, en data 3 de marzo, acorda aprobar a mencionada proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Con dezanova votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO

Aprobar inicialmente o crédito extraordinario por importe total de 2.885.000,00 euros (modificación nº 03/2022 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao expresado neste informe-proposta.”

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos o Alcalde-Presidente, pasando a presidir o 2º tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

MOCIÓNS:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 72 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

13.(57) MOCIÓN DO CONCELEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E CENTRAL PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓN NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS. EXPTE. PLENO 3360/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de marzo de 2022, número 3360/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

“RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E CENTRAL PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓN NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos enfrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5%% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos).

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 73 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e sobre todo porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades.

A situación é insoportábel e non podemos permitir que goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados. É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1** Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición dos cortes das subministracións básicas de forma permanente.
- 2** Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.
- 3** Demandar do goberno central o Incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.
- 4** Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.
- 5** Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.
- 6** Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e equidistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 74 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 7 Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.
- 8 Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.
- 9 Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.
- 10 Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas , mais dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes, e vinte e dous votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 24.03.22 (Rex. Nº 3360/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

14.(58) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SOLICITANDO APOIO Á RESOLUCIÓN DO CONFLITO DO SÁHARA. EXPTE. PLENO 3361/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de marzo de 2022, número 3361/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN SOLICITANDO UN CAMBIO DE CRITERIO DO GOBERNO CARA AO APOIO DA RESOLUCIÓN DO CONFLITO DO SAHARA NO MARCO DO PROCESO DE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 75 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DESCOLONIZACIÓN SUSTENTADO NAS RESOLUCIÓNS DA ONU INCLUÍDO O DEREITO DE AUTODETERMINACIÓN DO POBO SAHARAUÍ MEDIANTE UN REFERENDO.

Dende o proceso de descolonización do Sahara Occidental, antiga colonia española da que segue sendo legalmente a potencia administradora e que Marrocos ocupa militarmente desde o 1975, e o estoupido do conflito armado, Vigo ten sido cidade solidaria coa causa do Sáhara Occidental e coa lexítima loita do Fronte Polisario. Durante os terribles anos da guerra, pero tamén posteriormente cos acordos de paz, a nosa cidade configurouse como unha cidade solidaria co Sahara Occidental e tamén acollidora en primeira época de miles de nenos e nenas dentro dos programas de vacacións en paz. Tamén somos a cidade onde xermolou e ten a súa sede a Sociedade Galega de Amizade co Pobo Saharai (SOGAPS), a entidade máis activa de todo o estado e que foi nominada recentemente viguesa distinguida.

Por iso, ante o terrible erro do presidente do Goberno no estado español, Pedro Sánchez, de dar cobertura e viabilidade ao plan do Goberno de Marrocos para o Sahara Occidental, a nosa cidade non pode permanecer calada ou neutral.

Porque o Goberno de España da un xiro moi significativo á postura histórica do Estado español que sempre avogara por unha solución ao conflito en liña co marcado nas resolucións da ONU que recoñecen a soberanía política do Sahara Occidental e por tanto reclaman a súa libre determinación.

A brutal ocupación marroquí do territorio saharauí non só viola o dereito internacional, senón que ataca constantemente os dereitos humanos da poboación do Sahara Occidental que vive baixo a súa ocupación. O plan de autonomía para o Sahara Occidental dentro do Reino de Marrocos ignora que durante os últimos 47 anos as autoridades marroquís reprimiron sistematicamente calquera movemento polos dereitos do pobo saharauí, e os seus líderes foron encarcerados ou desaparecidos.

A 45ª Conferencia EUCOCO de apoio á loita do pobo saharauí celebrada en Las Palmas de Gran Canaria o pasado mes de decembro, posicionouse con contundencia como nas 44 edicións anteriores, a favor do exercicio do dereito inalienable e imprescriptible do pobo saharauí á autodeterminación e independencia, ademais do dereito dos e das saharauís para vivir no seu territorio ocupado hoxe por Marrocos.

En definitiva, a posición expresada polo presidente do Goberno de España rompe o consenso internacional expresado polas Nacións Unidas, a Unión Africana, ou o Tribunal de Xustiza Europeo que reiteradamente non recoñeceron ningunha soberanía de Marrocos sobre o Sahara Occidental.

Polo exposto, o Grupo municipal mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:

ACORDOS:

1. O pleno do Concello de Vigo apoia a resolución do conflito do Sahara no marco do proceso de descolonización sustentado nas resolucións da ONU



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 76 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

incluído o dereito de autodeterminación do pobo saharauí mediante un referendo.

2. O pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno de España o seu rexeitamento ao plan do Reino de Marrocos de autonomía para o Sahara Occidental por non dar cumprimento ás resolucións da ONU ao ignorar o dereito á libre determinación do pobo saharauí.
3. O pleno do Concello de Vigo reafirma o seu compromiso coa solidariedade co Sahara Occidental a través do reforzamento de iniciativas solidarias e de máis recursos nos vindeiros orzamentos municipais para as mesmas e traslada ao Goberno de España o seu apoio ao recoñecemento da República Árabe Saharauí Democrática. (RASD)''

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes, mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, dezaoto abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 24.03.22 (Rex. Nº 3361/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

15.(59) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO RECTIFICAR E INCLUIR A CONEXIÓN DE VIGO Á REDE DE MOI ALTA TENSIÓN PARA 2021-2016 E A CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA SUBESTACIÓN EN BALAIÓDOS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3362/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de marzo de 2022, número 3362/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Ministerio para a Transición Ecolóxica ven de excluír definitivamente a conexión da cidade coa rede de Moi Alta Tensión e a construción dunha subestación de Balaídos do plan de desenvolvemento de redes eléctricas para o período 2021-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/05/2022 13:38	Páxina 77 de 93
Expediente/Documento 3388-1101	CSV: A5A8A6-ED3C2C-EE2AD1-5SAWJ8-KCZA42-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2026. Esta actuación, prevista na planificación anterior 2015-2020 non se chegou a executar porque o goberno negouse a autorizala.

